

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 9 | Edición Especial nº 100 | Marzo de 2023 | Prezo 2 euros

"Galaicofonia.

O que falamos é galego"

Christian Sales pp. III-IV

"Unha intemperie alumeada"

Alicia Díaz Balado p. IV

"Andainas que contan anos"

Baldomero Iglesias, Mero p. V

"A relación Galiza-Portugal"

Francisco Rodríguez p. V

**"Curandeiros, menciñeiros
e librerías"**

Xosé González Martínez p. VI

"Ponteareas musical"

Anxo Serafín Porto Ucha p. VII

Murguía no seu centenario

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel p. VII

**"Somos cidadanía de
segunda?"**

Xoán Antón Pérez-Lema p. VIII

Falemos Galego

Nemesio Barxa p. VIII



Novas do Eixo Atlántico tamén resiste

(En homenaxe a Francisco Fernández del Riego)

ESPECIAL NÚMERO 100

Guillermo Rodríguez. Director

Cen números non son nada

Hoxe celebramos que un modesto medio de comunicación chegue ás CEN EDICIÓNS. É unha celebración un tanto atípica porque, nestes momentos, os medios de comunicación modestos como NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO non están chamados a cumprir anos senón a desaparecer.

Galicia sempre foi terra de promoción para os medios de comunicación, para os xornais e revistas. Comezamos aló polos anos 1600 e pico a “parir” xornais para comunicar e informar aos galegos o que estaba pasando ao seu arredor, non só na propia Galicia senón tamén no resto do Estado Español. Lembremos que xa Napoleón puxo en marcha os seus propios xornais para que as tropas puideran comunicarse entre elas e non depender das informacións, que entendían no lles favorecía, que lles chegaban da poboación que eles pretendían controlar militarmente.

Prensa en galego temos dende finais do século XVI nos que escribiron os nosos primeiros devanceiros no eido da poesía, por exemplo. Non imos facer aquí unha relación destes xornais pero si deixar constancia que todos defenderon unha Galicia



ceibe, dona dos seus recursos e do seu destino. Ben é verdade que aínda hoxe é o día que seguimos laíándonos por non o ter conquistado.

Antes de 1936 en que o ruído de saíbles foi mais ca iso, tiñamos unha gran produción de xornais. Coa chegada do Golpe de Estado franquista e fascista a situación cambiou rotundamente. Xornais pechados, intervidos e seus dirixentes na cadea cando non fusilados. Despois do 1939 os medios de comunicación puxéronse ao servizo dos vencedores, dos fascistas, dos que se enriqueceron coas miserias alleas e que aínda seguen disfrutando daqueles beneficios

conseguidos por colaborar cos golpistas.

Nestes momentos non podemos dicir que teñamos unha prensa de verdade a nivel informativo. Temos, iso si, un montón de medios de comunicación, sobre todo diarios, que traballan pro domo sua, que dirían os clásicos. Se rastrexamos as orixes deses medios imos atoparnos que teñen as raíces aínda manchadas do sangue de tantos e tantos españois que deron a súa vida pola defensa do País e que foron utilizados como carne de canón para facer crecer empresas que hoxe cotizan no IBEX -35.

Por iso poder celebrar que un xornal humilde acade os CEN NÚMEROS resulta, cando menos, reconfortante, ao tempo que sabemos do pouco que dura a alegría na casa do pobre.

Nós apostamos por “esta guerra” contra a desinformación aló polos anos oitenta do século pasado. Xa nos naceron ruzas dabondo e xa nos caeu un montón de pelo, aínda que manteñamos roxo e forte as nosas conviccións da necesidade dunha prensa ceibe, dunha información ben contrastada, que vaia as raíces dos problemas e as traia á superficie para coñecemento dos cidadáns, de todos os cidadáns sen ningún tipo de interferencias.

Nestes momentos temos que agradecer a todos/as aquelas persoas que dunha

maneira desinteresada e de forma continuada fixeron posible non só os cen números de NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO senón centos, miles de edicións saídas do prelo dende o ano 1984 en que puxemos na rúa o primeiro xornal de toda esta saga: A PENEIRA. Aquel xornal que dicíamos nacía para peneirar os acontecementos que afectaban ao vivir cotián dos cidadáns. Hoxe, aínda que coa variante nominal de FORO A PENEIRA seguimos naquela loita interminable, porque interminable resulta a guerra desinformativa que vivíamos entón e que hoxe aínda seguimos vivindo e sufrindo con maior intensidade, se cabe.

Aos xornalistas, comentaristas, humoristas que nos veñen acompañando nesta “longa noite dunha auténtica información” queremos agradecerlles unha vez mais a súa dedicación xenerosa e continuada, así como aos nosos humildes anunciantes (algúns xa cumpriron máis de 50 anos) grazas aos que seguimos ao pé do canón dispostos como sempre a disparar os nosos dardos sobre aquelas dianas da desinformación. Mentres nos queden folgos suficientes aquí nos atoparán, como dixo Castelao “morrendo (xornalisticamente) de pé antes de vivir de xeonllos”.

Grazas a todos e todas e “mil números mais” para NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO”.

A BROCHETA DE PORRIÑO. ABAMAR. ABANCA. ABBL INTEGRAL. ACQUA ROSAE FASHION. ACTEGA ARTÍSTICA. ADHIX TECH TAPES. ADJUSTICA ROBOTICS. ADRIA ABRASIVOS. ADVANCE INTELLIGENT DEVELOPMENTS. AEGA AUTOMATICA Y ELECTRICIDAD. AEROTÉCNICA. AGUA DE MAYO MARKETING. AIC CALEFACCION IBERICA. AINTEGRA. AIRVENTO. AIR LIQUIDE ESPAÑA. ALLEN SPACE. ALFACARGO SHIPPING AND LOGISTICS. ALSEDA SERVICIOS DE GESTION INMOBILIARIA. ALMACENES REBORDA. ALMACENES SERVICIOS Y RECUPERACIONES. ALTEN SOLUC. PRODUCT. AUDITORIA E ING. ALUPORTA. ALVALM SOLUTIONS. ANUBE (D) APH MANAGEMENT TOOLS. AQUIMIAN ESPAÑA. ARC EUROBANAN. S.L. ÁREA COMERCIAL A GRANKA. ÁREA LOGÍSTICA A GRANKA. ARGENTA CAPITAL. ARIEN MACHINE. ARMANDO SILVA. ASCENSORES ENOR. ASESOR. DISEÑO Y MONTAJES IND. GALICIA. ASETRANSPO. ASEXTRA. ASIA INTERNACIONAL. COMERCIO. ASIENTOS DE GALICIA. ASYSGON. ATLAS EXTERNAL SERVICES. AUGUSTO LOGISTICA. AUTOMOVILES DANGEL. AUTOTRANSCOUBA. BADER. EUROPE GROUP. BADISMA DISTRIBUCION DE MAQUINARIA. BAITRA. BANCO SANTANDER. BARGFLETH METALVIGO. BAYPORT GLOBAL. BAYER. BEA 2000. BEST FRUIT. BESTSELLER WHOLESALE SPAIN. BIBUS SPAIN. BIMBA & LOLA. BIOPRANAWORLD. BITMAKERS. BIVARA EUROPE. BLUE ENERGY GLOBAL SOLUTIONS. BLUE QUALITY. BMC CONSTRUCTION. ESTUDIO & CONTRACT. BODEGA MC. BOLFER. BORGWARNER EMISSIONS SYSTEMS. BRIGAL. BRUKER. BTRUB. BTRUB-ESTR. TEGIA DE MK Y VENTAS. C&G. LOS FOGONES DE ANA. CALFOMAN. CALL DRIVE. CANCERIS VIGO. CARBON COMPOSITES. CARIDE. BENAVIDES. MANUEL. CARLINGAL. CARMAR SOLUCIONES LOGISTICAS. CARMISA QUARTZ. CAURONA BAR. CELL2 EUROPE. CENTRO DE ENSÑO FACI. CENTRO DE SUR DE GALICIA. CESAR DE AZEVEDO. COVIGAL. CIE A GRANKA (CZFV). CIL VALENCIA GESTION EMBALAJES. CINTUGAL. CIVADEN. CLICKACON. CLUSTER COMERCIAL. FLORASUR. COMERCIAL. HOSPITALARIA GRUPO 3. COMERCIAL PANCAR. COMERCIO Y PESCA 37. COMUNIDAD PROPIETARIA PARA. CORBELA. CONSERVAS IGLESIAS. CONSERVAS RIAS BAIXAS 1907. COMEYSA. CONSTRUCCIONES METALICAS. LUSOMAR. CONSULTOR. DEL TECHNOLOGY. CRUCEROS RIAS BAIXAS. CTAG. CTAG-IDIADA SAFETY TECHNOLOGY. CUÑADO. CUVIDASA. CZFY-CENTRO DE NEGOCIOS. DAPOR DISTRIBUIDORES DE CARNE. DARLIM MAQUINARIA DE LIMPIEZA. DARLIM. DECIBELIO INSTALACIONES. DECUNA. DELCODO DEMOSTRA. DENAT 2007. DENS0 SISTEMAS TERMICOS ESPAÑA. DGH ROBOTICA AUTOMATIZACION Y MANTENIM. DHL. PATEL. DEL NOROESTE. DITEC INGENIERIA DE DISEÑO INDUSTRIAL. DQBITO INGENIERIA BIOMEDICA. DRON EVENT SHOW. DUNE. EL GEOTERMIA. ECOLUR. RENOVABLES Y CIMENTACIONES. ECONOVEDADES. EID. EFIMOB EFFICIENT SOLUTIONS. ERESA DEL NOROESTE. ELECTROMECHANICA NAVAL. E INDUS-TRIAL. ELECTROSON GALI- CIA INDUSTRIAL. S. L. ELICE ENTREPRE. BIANCA. ENER- GÍA Y BLOCKCHAIN. ENSA- YOS Y CERTIFICACIONES XOI. ENTIDAD URBANISTICA DE CONSERVACION. ESMOTEC GESTION DE PROYECTOS. EULOGIO MATO. EUROPEA DE MAF. EXCLUSIVAS CAR-LAC. EXCLUSIVAS. ELECTRONICA. FEDERACION GALEGA PARQUES EMPRESARIAIS. FAIRO GESTION. FARMANOR. FAUREC. CARMEN. FERRETERIA POMBO. FIABLONE. FIBA CATERING. FIO TEXTIL. FIVES CONVEYING IBERICA. FLEJITAL. FORRESVI EMPRESA EN ACCION. FORO GRAFICO. FRANCISCO FERNÁNDEZ LUJO. FRESHCUT. FREYPER GALICIA. ESTATE. INVESTMENT TRUST. G.T.G. INGENIEROS. GAICTECH. GAINSER INSTALACIONES. GALAICONTR. GALIPROF. IMA5D. GALVOLTAICA. GALLEGA DE ALQUILERES. GALNAC. GALPORC-A243E. GAYPASA. GEFCO. GONDOMAR GARAGE VENTURES. GONZÁLEZ MIGUEL. MANUEL. GRANIRIS. GRANISA. GRANITOS IBERICO. SISTEMAS Y COMUNICACIONES. GREENCALOR SISTEMAS. GROUPE-DEVELOP THE WEB. GRUAS DOMIZ. TECNOLÓGICO. ARBINOVA. H. INVEN. GRUP. XOI. HEDISA. HENTOPHARMA. HERMASA. CANNING. INVERSIONES 2020. HIERROS TORRES Y SÁEZ. HIJOS DE CARLOS ALBO. HIJOS DE JUAN VILAS. HISANTA. HUSVARNIA ESPAÑA. IBERMUTUA. IDAWEN SPORTS. IDEAL. HOGAR IMPORT-EXPORT. IDEARTE 2012. INDOMINUS AS. INDUSTRIAL. TRIPERA GALLEGA. INDUSTRIAS DELTA VIGO. INDUSTRIAS NEBRINOX. INFAMON. INFORMOLDES. INFOURBAN. INGENIERIA RIAS BAIXAS. INGENIERIA Y FABRICACION DEL. MONTAJES INDUST. INTERTECNOLOGIA Y COMUNICACIONES. INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGR. INTRALOGISTICA AUTOMATIZACION TECHNOLOG. INTURASA PÉREZ RUMBAO. INVALCO. INVERCAPOR. INWINES. ARTISAN COLLECTION. IP INGENIERIA Y CONSULTORIA TECNICA. IRAGO. EXCLUSIVAS Y IZMAR. JESUS ANDRES VARELA VAZQUEZ. JOAO SANTOS. JOSE MARIA CRUZ. JUAN MARIA EMPLEO. KONKILLER FUSION. KUKA. IBERIA. LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO. LAIFER MAQUINARIA. AMIT. LESSIMORE OUTSOURCING. LIBRACUR. LIDL. SUPERMERCADOS. LIGHTBEE MOBILITY. LINEAPARAMI. MAGENTA. MAIER FERROPLAST. MAMAS & MAMAS. MAQUINARIA CARRERA. MARCAS DE MENAJE. CIONES SUPERFICIALES. MARTINEZ MARTINEZ. MARIA LUISA. MATERIALES DE CONSTRUCCION JA. ATLANTIDA. MECANIZADOS OGAL. MEDIPLUS ATLANTICO. MEMBROM REVERSE OSMOSIS. HERBA. METTA TIENDAS DE FABRICA. MIGUÉLEZ. MILHERRAMIENTAS. MINT ENTERTAINMENT. MKIT MODULARES. MOOSE SOFTWARE. MUFACE. MULTIBREVES NETWORK. MUN ARQUITECTURA. DISEÑO E URBANISMO. NIGRAN 2021. NAUKA INGENIEROS. NAUST MARINE SPAIN. NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS. NAVIERA ILLA DE INTERGAMA. NEUWALME. NEVIAN SISTEMAS. NEW COMPANY MOLINER. NIDDO ARQUITECTURA & DISEÑO. CONSULTING. EQUIVALENT. NX MOTORSPORT 2015. NYDDO DOC. LOGICA. OBRADOR DE LAMPREA. OFICINA. PANVELPA. PEOPLE AND MARKET. PERCHERON VIGO. PERICIAL 3000. PERNAS TECNICAS INDUSTRIALES. BERNARDO. PLANTULA DISTRIBUCIONES. PHACO GESTION. PONTMOTOR. PORTALCONSA. PORTAUTO. POT & POT. APLICADOS. PROMOCIONES MOREGAL. PROPLANTAE SANIDAD VEGETAL. PROTOTIPADO Y MECANIZADOS DE GALICIA. QUOBIS NETWORKS. RECOCIDA GENERAL. DE RESIDUOS Y AGUAS. RED TYREL. RELIABLE TECHNOL. FOR INDUSTRY. REDIMA. RESTAURACION Y EVENTOS MONTE- FERRO. REVOLUTION. REYMO EXPORT-IMPORT. RINOL. ROCLAND SUESCO. RIVERETTI ESPAÑA. SYSTEM. RS MOTOR POWER SOLUTIONS. RUJOMA GES- TION INMOBILIARIA. SUMI- FERGA. S.K. SELNOVA TEXTIL. SAILWAY SAINT- GOBAIN. TRANSPORTISTAS TRANSCLEARA. SEAMAN EU- ROPA. SELMAR. SERLOGA. SERRANO. OLGA. SERVALCI. SERVICIOS ELECTRICOS ABELMAR. SIO AMORIN. TIEGAL. ANGEL. SISCOM DIVISION PRO- VECTOS. SISTACILS. SADECOR. SISTEMAS Y COMUNICACIONES DE VIGO. SVISA. SOLUCIONES. CARRETIILLAS. SOGAMA. SOLIDOSTUDIO. SOLUCIONES TECNICAS DE GALICIA. SOMOSMAGENTA. SOUTIÑO. SPA STORES. SPACENETWORK. STOCKAGES. CONTROL. SUSIACUNA. SYSPRO AUTOMATION. TAGAR GRUAS. TALLER Y NEUMATICOS T. TIRES. TALLERES BADER. TALLERES COVI. TALLERES GUMERJO. SPAIN INJECTION. TDN. TECAUT PORRIÑO. TECMATIA. TECNICAS APLICADAS DE SOLDADURA VIGO. TECNICAS Y FUACIONES TECNIFIX. TECNIGALSA. TERRAL. DO CEO. TEKXIVO. THERMOCHIP. TIENDATIENDA. TIERRA MAYOR. TLR SOFT. TOLDOS PORRIÑO. TOPMODULAR. TRANS TEMP CONTROL. TRANS-AVAN. AUTO-RADIO. TRANSPUNKION. TRESI INGENIERIA INVESTIG. E INNOVACION. TRESILLOS MONLEÓN. TRIGO QUALITY IBERICA. TRUCK. MAINTENANCE MANAGEMENT SERVICES. TTC LOGISTICA FRIGORIFICA. TUPANA - TU CAFÉ. TURBINAS Y COMPRESORES. JETSKOEL. UARX SPACE. ULTRAVIOLETA TECNOLOGIA AMBIENTAL. UTIL VIGO. VALMI. ACI-MIR CONSULTING. VAZQUEZ LOSADA. BENITO. VELNEO. VENDORFRIG. VERUELLA 2000. VICUS DISEÑO INDUSTRIAL. VICUS EXPRESS. PIZZAMOVIL. VIGAL-PEIXE. VIGOTEC. VIG-SEC DRONE. VIGUESA DE BOMBEO. VIGUESA DE GRANALLADOS. VIGUESA DE TRANSMISIONES. VIMAUTO PORRIÑO. VIME. VIP GALICIA. VISUAL MICROSYSTEMS. VIZA. INFRAESTRUCTURAS INDUSTRIALES. VIBS AUTOMOTIVE. VODAFONE ESPAÑA. W.R. FREIRIA. XPO TRANSPORT SOLUTIONS SPAIN. ZARPAS CATAMARANES. ZERO ENTERTAINMENT GALICIA.

**xa somos
20.000
mulleres e homes traballando
en máis de
700
empresas producindo**

Impulsamos a economía,
creamos emprego



Entrevista de Nilce Costa

Christian Sales | Comunicador brasileiro

“Galaicofonia. O que falamos é galego”

Cada vez mais, o galego se perde como uma língua oficial, apesar de o reitegracionismo buscar formas de implementar a língua e adotar uma padronização linguística. Mas para irmos a este encontro, teríamos que mergulhar a fundo numa trajetória deixada por muitos anos. O certo é que se trata de um percurso que vem

lutando incansavelmente, uma luta com muita resistência.

“O não falar galego em Galicia, já é um fato muito antigo, é secular”. Apesar das diferenças linguísticas entre Portugal e Brasil, falamos português, sejam a favor ou contra o acordo ortográfico e que nada mudará”.

Christian Sales, brasileiro e um grande defensor da língua galega, para nos prestigiar desta lusofonia simplificada, colocará seus pontos de vista destes idiomas tão semelhante, abrangendo três localidades, onde o português ou galego português, são as chaves das nossas falas

Christian coordena vários programas de mídia alternativa (Os Contrabandistas, Quintal da Galicia entre outros...) e diversos grupos nas redes sociais, sempre em prol da nossa língua.

Cada vez mais envolvido com o galego, debruça muito sobre este tema e seus conhecimentos não param por aqui... Já conheceu vários pontos geográficos e culturais da Galiza, numa visita que recentemente fez ao Noroeste Peninsular. Quer retornar em breve, para dar continuidade e desenvolver seus conhecimentos e encontrar mais pessoas ligadas ao assunto em comum, para além das amizades já existentes.



Lusofonia, quanto ao Brasil, Portugal e Galiza, houve alguma evolução linguística entre estes países?

CS - É um conceito muito controverso. “Lusofonia”. Antes de responder, debruçamos sobre o tema. Onde surgiu a nossa língua? Os portugueses vão dizer com toda convicção que foi em Portugal. Os galegos estão divididos e talvez foram propositadamente confundidos.

Teria surgido o “português” na Galiza? Ou foi nos espaços dum reino galaico com vários domínios?

Ora, o Condado Portucalense era parte da Galiza. Deixou de ser, mas era. Neste momento já se falava o galego arcaico, o latim modificado, falado em todos aqueles espaços, e posso incluir

“O que falava Dom Dinis era o mesmo que o seu avô Afonso IX”

Astúrias e Leão. Novamente, vão muitos dizer, a língua antiga era o “galego-português”, mas soa tão anacrônico, Portugal ainda não existia.

O que falava Dom Dinis era o mesmo que o seu avô Afonso IX (X na historiografia espanhola). E portanto, todas as gentes falavam assim.. O grego antigo é bem diferente do grego moderno, mas é grego. Não é?

E a nossa língua, também era diferente, mas não deixou de ser ou de existir, apenas enriqueceu-se, adaptou-se, assimilou, incorporou, e é viva, não é estática.. Continuo... o que falamos então? Estamos falando de espaços lin-

guísticos-culturais ou meramente geográficos?

Sabemos sem qualquer dificuldade os marcos da Lusitânia e da Galaécia. Mas não se trata de geografia, mas da língua. A nossa língua comum transformou-se nos espaços da Galaécia (volto aqui a incluir o Condado Portucalense, já em tempos dos reis do alto medievo galaico). Espaços estes já conhecidos dos Reinos Árabes do centro-sul da Hispânia como Yilliqiya ou Galisiya (muito fácil de ser confundido com “Leão”!!!). **Qual léxico dos povos lusitanos que existem hoje na nossa língua comum?**

CS - Galaicofonia. O que falamos

é galego. Mas sinto-me na obrigação de citar o grande lexicógrafo e filólogo argentino-galego Higinio Martins Esteves (tão esquecido pelos junteiros), que disse-me uma vez, “palavra mágica”, ao referir-se o “português da Galiza”.

Diplomaticamente vamos usar o termo português, e aqui todos os méritos são para Portugal, que tornou a língua oficial, codificou-a, catalogou, classificou, padronizou, gramaticizou, promoveu, difundiu. Logo, é mais que evidente que aquela linguagem prestigiada como algo identitário ganharia um título relacionado ao nome do país. Mesmo que a historiografia negue, Portugal é a nova Galiza liberta de Castela.

Os oficialistas dos nacionalis-

mos batizaram-na de Lusofonia, e dificilmente mudarão de ideia. Dom Dinis não inventou uma língua (por Decreto), apenas oficializou algo que uns cem anos depois seria chamado de “português”. Assim como o Decreto Filgueira Valverde não inventou uma escrita, apenas oficializou algo que era da vontade do ILG (Instituto da Língua Galega), mas isso é outro conto.

Foi justamente nos anos 70 que o termo “luso” (lusista) foi usado de forma depreciativa, para desacreditar numa escrita histórica e etimológica, por uma escrita dialectológica. Tudo muito bem acordado, já que os principais cargos políticos próximos a Junta eram da turma do Ramão Pinheiro,

Continúa na páxina seguinte...



PENSAR É ESCURO
Poesía reunida (1991-2004)
Luísa Villalta
En edición de Armando Requeixo



www.editorialgalaxia.gal

UNHA CREADORA SINGULAR E INIMITABLE

ESPECIAL NÚMERO 100

...Ven da páxina anterior.

“A CPLP é um clube de negócios. Galiza não tem petróleo, só tem eólicos. Não levo a sério isso”

Filgueira Valverde, Fernandes Albor, Garcia Sabell e do Constantino Garcia, este último que nem sabia falar galego.

Agora vamos à segunda parte, a evolução?

CS- Já sabemos agora que a língua é viva. Que o inglês australiano não é o mesmo do texano ou jamaicano ou irlandês. A língua ganha contornos, mas não deixou de ser a mesma língua. O Castelhana é andaluz, mexicano, colombiano, argentino etc.

O assunto da evolução aqui é uma armadilha dos legalistas da separação, que gostam de justificar que era igual e agora não é mais. Pura conversa ideológica, dialectológica e centralista (de Madrid, como sabemos). Aliás, perdem muito tempo com assuntos dialectológicos como cortina de fumaça. Em Ourense falam assim, na Costa da Morte falam assado. Isso não leva o tema da língua ao próximo passo, que é a comunicação que não se produz com Angola, Moçambique, Brasil e Portugal. Ninguém aqui perde o seu tempo com debates exaustivos de que no Rio Grande do Sul fala-se assim e em Pernambuco fala-se assado. Falamos com sotaques

diferentes e nada mais. Não perdemos tempo com isso.

Aliás, a formação das Irmandades da Fala e da própria RAG (Real Academia Galega) tinha um pensamento bem diferente dos que hoje são subvencionados pela Junta. E esse pensamento permeou o Nacionalismo Galego até a sua interrupção da Longa Noite de Pedra que durou quarenta anos. Deste meio tempo, os que ficaram, moldaram-se ao sistema. Os que eram contra, vocês já sabem melhor que todos nós de fora, passeios, valas, exílios ou ostracismo profissional.

Também é bem claro que o posicionamento a respeito da ortografia foi interrompido politicamente por obtusos acordos desde os anos 70 do século passado. Que vergonha disso!

Reitero que não há resposta padronizada e autoexplicativa como querem vender os roteiristas da CRTVG para justificar que o galego é outra língua.

Sendo o português do Brasil, a língua mais falada na lusofonia, como considera que quanto a Portugal, ainda há certas diferenças dentro do mesmo por-

tuguês, sendo que alguns portugueses são contra o acordo ortográfico? Já há alguns anos, Portugal tem vindo a ser descoberto pelos brasileiros, onde as novelas, músicas e falas, tem vindo a se destacar cada vez mais por todo país, como visa este acontecimento linguístico ?

CS- Como eu disse, há diferenças por toda parte. E as diferenças são mínimas. Mas eu já conheço a estratégia de isolamento. Ah, os brasileiros usam próclises, os portugueses ênclises. Não “me” venham com estes argumentos, por favor. Só funciona para os dialectólogos.

Essa diversidade torna a beleza da nossa língua comum. Não adianta ser simplesmente contra o Acordo Ortográfico. É preciso que o assunto volte ao centro do debate político que propôs no passado. Aliás, uma comissão de observadores galegos estiveram presentes nos debates do acordo. Mas uma coisa é certa, seguimos o padrão ortográfico do ibero romance ocidental. Como o sem acordo nos entendemos, porque seguimos um código auto afirmado desde os tempos medievais, e não desorbitados para o padrão castelhano.

Quanto às migrações de brasileiros a Portugal, quanto mais brasileiros, mais cosmopolita o país ficará. Desafio a andarem

por Londres e acharem um único padrão de “inglês” nas ruas. Somos monolíngues por natureza, e não usamos o recurso do inglês para a autopromoção musical.

Portugal por sua vez promove a entrada da livre mão de obra, será que não imaginaram as consequências a longo e médio prazo? É tão óbvio que alguma transformação resultaria. O que eles pensavam, que os brasileiros viveriam em guetos?

O que existe na verdade é o incômodo e o preconceito linguístico. O Brasileiro fala português e pode viver 50 anos em Portugal, mas ele sempre será o “outro”.

Galiza, muitas partes desta comunidade autónoma, não falam a língua galega e muitos até valorizam esta ocorrência, concordando plenamente com este fato. Como coloca esta situação?

A situação não vem de hoje, é secular. Uma excelente referência é o livro do Carlos Callón, O Livro Negro da Língua Galega. O resto, são os caminhos que vão desde a subordinação político-administrativa, a substituição dos agentes de comunicação que eram as instituições eclesiásticas, o banimento da escrita, a imposição de outro país, Castela, nas metodologias educacionais, no fomento da ridicularização das falas galegas. Não são movimentos retíli-

neos ou cronológicos, são fatores e variáveis que aconteceram por todos os lados. Mas o mais interessante na era pós-franquista é a manutenção do status quo pró castelhano, seja pelo imprensa, rádios, tvs, seja pelos mecanismos de contenção de um ressurgimento do galego, como é o caso do Decreto Filgueira Valverde e mais recentemente, no plurilinguismo, o segundo desastre para a língua dos últimos 40 anos. Já estamos colhendo os frutos amargos., mas os galegos gostam disto. O PP não sai de moda.

CPLP (Comunidade dos Países de Língua Portuguesa), como você considera esta comunidade, do ponto de vista dos países aderentes, que nem todos utilizam a língua portuguesa na prática?

A CPLP é um clube de negócios. Galiza não tem petróleo, só tem eólicos. Não levo a sério isso. Nem mesmo agora que o Estado Espanhol também tornou-se observador. Aquela comunidade sabe o que o Estado Espanhol fez com o português de Olivença, com as Falas do Xálma ou com o desprestígio da nossa variante na Galiza? Na Estremadura há mais ofertas de professores de português do que na Galiza.

Neste sentido, quanto a Espanha?

CS- Galiza não é Espanha, assim como Escócia não é Inglaterra.

Por Alicia Díaz Balado

Unha intemperie alumeada

A (qui) é o Fim do Mu(ndo): famoso lema sobre a estatua xacente de Pedro I. Seis leóns asentan o túmulo do rei. Aos seus pés vixía un can leal. Inés loce a coroa pétrea das raíñas, sostida por anxos tan pétreos como a mesma efíxie.

O Mosteiro da Alcobaça, unha das sete marabillas de Portugal, acubilla os corpos de Pedro I e Inés de Castro desde hai seis séculos. Pode que o vello camiño entre Coimbra e a Alcobaça fose unha intemperie alumeada por teas no traslado do corpo de Inés desde Santa Clara A-Velha. Hoxe, a solidez dos túmulos representa a certeza da pedra que da conta de múltiples lugares marcados – fantasmas na Quinta, xeografía e destino – e que fala de feitos e trasacordos debuxados nas crónicas da época.

O relato teceu unha trama de arte, xeografía, lenda, mito e literatura na historia

dos Reinos. A fábula universal e o relato de amor de Pedro e Inés continúan vinculando a Galicia e Portugal na reflexión, no estudo, na interpretación documental e nas letras.

Ata a fin do mundo -as verbas con máis sona do arte funerario gótico portugués – fican ben enraizadas no fistera galego, no que baten os monstros cos que Pedro turrou no seu desvarío.

Desde a súa Limia Baixa, Inés venceu á peste e á inmortalidade. Como xa se escribiu, nuns restos de muller rebule un sangue aínda vivo. A lingua, a literatura, os mapas e o tempo. A política, as batallas e os campos mil veces trillados de a cabalo, para chegar onda as cidades muradas na busca de pactos ou na ruptura de alianzas. Descendemos das mulleres que detiñan os seus labores para ollar o



paso do señorío, aquelas que aventuraban que dama se gardaría das inclemencias nun carro de avoengo.

A fin do mundo, na Alcobaça, rega e alimenta o caudal desbordante e xeneroso

do Miño; aínda fío no Pedregal de Irimia. Contemplados polos que logo derrubaron os castelos, xerminamos, séculos despois, nun imaxinario común de pedra tallada e terra luminosa.

Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Andainas que contan anos

Certamente como se fose un milagre sucede este aniversario das Novas do Eixo Atlántico. Debémonos conceder os parabéns por manter unha liña de edición tal como a que habitualmente se presenta, humilde pero en dignidade, que non é pouco. E ademais na contestación de voces diferentes baixo a dignísima representación do noso idioma, sexa como sexa.

Ás veces penso que escribimos moitas persoas do circuíto de lobos solitarios, vi-xiantes precisamente da outra cara da moeda, que teimamos saír ao paso do que din os oficialistas, os que formalizaron a escrita dalgún xeito máis doméstico, case no rigor da rutina. Semellan do mesmo coro e no mesmo refrán, pero aquí non. Somos voces discrepantes coa actualidade, que se nos manifesta maioritariamente noutros medios moito máis apaixados e activos, niso do puntual adoutramento de masas e comecocos.

Nós imos por libre, solitarios lobicáns que preguntamos e respondemos outras cousas que resultan non ser as que todos preguntan e responden, que sabemos que nada se pode dicir cando alguén se axeonlla escoitando ladaíñas e solicitando subvencións, desas que xa se globalizaron na tentadora rede do amparo oficial. Non,

nas NEA saen as cuestións grises, que tanto humanizan e que van co vento na-vegar espazos, que saen do anonimato dun teclado que sacrifica verbas en pro de comunicar outra versión á par da oficial, tantas veces pactada, pero que fala da xente que non ten eco, anque sente e sofre. Non agardamos a palmadiña no lombo de ninguén, non imos darlle xabón



ao político de marras, nin ao líder de opinión, nin ao artista famoso, nin ao científico-empresario de moda.

Trátase de verificar que estamos vivos, pouco máis. Que estamos na cubicación do entusiasmo, da ilusión de buscar novas fórmulas que nos conduzan, sen esquecer de onde vimos nin quen somos. De atoparnos. Non queremos que se normalicen os abusos, cómpre a reflexión tamén nas dificultades e nos defectos, na posibilidade de

engancharnos na esperanza, defendendo vítimas silandeiras destes grises gobernos que nos tocaron, onde habitamos a mediocridade e superficialidade, esa que ao mesmo tempo permite a soidade, o medo, o silencio no relato, a mudez de tanto venerable intelectual que cala e consente. Nós somos os que escolleremos ser cando temos vontade de ser, porque tamén nola roubaron a base de insultos, menosprezos e complexos. Temos que recuperala para ser quen somos, para ir máis alá dos nosos traumas, das incontables dores, das limitacións que nos impoñen. Para ser e atoparnos na Nosa Lingua, na nosa paisaxe respectuosa e respectada, activistas do noso e do respecto debido, da xustiza equitativa dos dereitos non especulativos, para reintegrarnos no orgullo de aventar futuro ilusionado, con dereito a vivir en dignidade sen ter que agardar a que nolo concedan en formato de transferencias, aquelas que nos asegundan en anacos que sobraron e que sempre nos impedirán auto xestionarnos, nese paradigma permanente de dependencia económica e legal que esquece as normas da convivencia sen hostilidades, sen disxuntivas nin banalizacións, sen os amaños aos que nos teñen afeitados e aos sobres en negro nos que habilmente se expresan. Pois detrás desas prácticas hai sempre inmorais petitorios de silencio, que todo mercan e todo venden, deixando unonsel de nomes e de persoas corruptas.

O importante tema da Lingua, da Nosa Lingua. Sublime expresión que nos identifica pero onde non damos saída. Será que está desequilibrada a balanza? Seguro. Ben sabemos. Ademais conflúen moitas razóns invasoras de leis de media polaina, de regulamentos trampeados, de medios de comunicación arrogantes, de políticos que abandonaron o tema e teñen outras prioridades, das tantas propagandas en beneficio alleo, do mundo que se nos bota enriba coas súas ofertas falsas, as que nos anulan e nos minimizan. E a lusofonía, todo ese mundo tan próximo a nós, está aí como táboa de salvación que nos redima e console neste desespero cargado de desprezos. Porque pode e por non depender das autorizacións bastardas dun estado que non nos considera nin inclúe, que desbota, que vai sempre en sobrada preferencia.

Menos mal que nos celebramos este ano, celebrámonos en D. Paco Fernández del Riego, quen desde o tesón e puntual disciplina fixo didáctica da sabedoría da Patria, pousada en lucidez e enraizada no entusiasmo, tal que desde o rigor fíxose forxador da nosa identidade nacional e activista da galegitude. Que mellor semmente de vencer?



Por Francisco Rodríguez

A relación Galiza-Portugal

Na miña experiencia como deputado nacionalista no Congreso, durante tres lexislaturas, entre 1996 e 2008, tiven oportunidade de experimentar as reticencias e atrancos deliberados que se puñan a toda iniciativa que posibilitase un achegamento político entre os dous estados e favorecese a comunicación e osmose galego-portuguesa. Os moitas grupos de amizade do Congreso coas respectivas cámaras doutros países do mundo viaxaban con frecuencia e facilidade a eles. Pertencín ao grupo de amizade con

Portugal. Pois ben, nunca conseguín que viaxásamos alí, malia a miña insistencia e perseveranza para logralo, co pretexto de que xa había unha comisión bilateral hispano-portuguesa que funcionaba á perfección. O presidente do grupo, o Sr. Gabriel Cisneros, tiña claro cal era o seu papel, durante o Goberno do Sr. Aznar. Porén, era xustificado, perante a miña insistencia crítica ou desacougo, por unha deputada galega, co argumento de que nada tiña en contra o seu correligionario, pois lle encantaba Portugal e pasaba as ferias alí. Co

goberno do Sr. Zapatero, posibelmente o presidente dun Goberno español máis respeitoso coas formas democráticas, insteino a que, aproveitando un cumio hispano-portugués, acordasen a aplicación das directivas comunitarias que facilitaban a recepción das canles televisivas portuguesas na Galiza. Pareceulle, en principio, nunha conversa privada, de fácil resolución e sen problemas. Ao regreso trataba de esquivar que o interrogase sobre o resultado. O máis probábel foi que fixera a súa promesa, sen saber moi ben até onde chegaba o deseño estratéxico español respecto desta cuestión. Alguén o advertiu da súa inconveniencia.

Persistindo no empeño, logrei por fin viaxar a Portugal, pero formando parte da Comisión de Tráfico e Seguridade Viaria, á que pertencía. Nas entrevistas con algún Ministro e co Presidente da Asemblea da República, expreseime en galego-portugués, sendo respondido por ambas autoridades no mesmo idioma. Sen dúbida, a falta de maior interese por parte doutros membros en intervir facilitou a presenza case exclusiva da voz galega. Igual situación, produciuse cando visitou o Congreso español unha comisión parlamentar portuguesa, co presidente da Asemblea á fronte. Dou a impresión de só a un galego, consciente de selo, lle importaban aqueles visitantes.



Restaurante Santabaia

Carta, tapas, menú diario.

Teléfonos
988 38 02 54
635 40 58 20

Santa Baia, 28.
O Pereiro de Aguiar
Ourense



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

ESPECIAL NÚMERO 100

A Real Academia Galega estrea a Primavera das Letras

Homenaxeará a Francisco Fernández del Riego no 60º aniversario do Día das Letras Galegas

A Real Academia Galega presentou a programación coa que renderalle homenaxe ao creador do Día das Letras Galegas Francisco Fernández del Riego no sesenta aniversario da gran festa da cultura galega cunha programación variada para todos os públicos

O pleno extraordinario do Día

das Letras Galegas terá lugar en Lourenzá, a súa terra natal, e Vigo acollerá un acto literario da RAG organizado da man do Concello de Vigo e da Fundación Penzol, da que del Riego foi fundador e primeiro director

A investigadora Patricia Arias Chachero encargárase da edición do epistolario do intelectual co seu amigo Ramón Otero Pedrayo, composto por máis de 450 documentos. A escritora Eva Mejuto e a ilustradora Lucía Cobo asinan a biografía teatralizada de don Paco dirixida ao público infantil que se publicará na páxina web de Primavera das Letras. A Academia

produce ademais unha serie documental web sobre o intelectual realizada por Miramemira

Segundo expresou o presidente da RAG, Víctor Freixanes, del Riego foi unha das figuras máis representativas de toda unha xeración que mantivo viva durante a ditadura a cultura de noso tendendo pontes coa xeración Nós e entre o exilio interior e a Galicia alén mar. Os seus integrantes foron “os que nos permitiron ser o que somos e estar hoxe aquí”, valorou. “Hoxe celebramos a existencia dun activista do que todos somos fillos”, concluíu o presidente da RAG.



Entre outras iniciativas, a RAG editará as cartas que intercambiaron Ramón Otero Pedrayo e Francisco Fernández del Riego, que verá por fin a luz pública nunha edición ao coidado de Patricia Arias Chachero. O epistolario está composto por máis de 450

documentos, un centenar deles do homenaxeado nas Letras Galegas de 2023 e o resto de don Ramón a del Riego, detalla a investigadora. “A relación, íntima e amical, que se reflicte nel supón un percorrido pola reorganización do galeguismo de posguerra”, explica.

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Curandeiros, menciñeiros e librerías

Son dun tempo no que as nais non obrigaban a levar no peto superior da chaqueta un dente de allo para escorrentar o mal de ollos. Tempos de curandeiros e menciñeiros – home e mulleres- que axudaban a curar doenzas de variado tipo. Profesións que se viñeron exercendo desde tempos inmemoriais. A min, sendo neno, a señora Lola “A Carballa” levantoume a paletilla con aquelado ritual asistida por outras dúas mulleres. Na miña parroquia exercían senllas actividades terapéuticas Dona Enriqueta e Manè, ambos os dous, ensalmadores e espiritistas, utilizaban artificiosos ritos para escorrentar males e facer diagnósticos de disfuncións síquicas e fisiolóxicas. “O Pichón” tiña tanta sona que os arredores da súa casa estaban ateigados en ordenada fileira xentes de distintas e distantes procedencias xeográficas. Don Manuel, como a el lle gustaba que o chamasen, era máis ben compoñedor, integrado no grupo denominado dos compostores.

Aló por terras de Celanova, en Outomuro, Cartelle, exerceu Antón Pérez o oficio de curandeiro que conseguiu sonada reputación mesmo no norte de Portugal. Desde alí acudían en luxosos coches moitos doentes na procura dunha solución para os seus cánceres. Antón curaba a uns e a outros non. O que non sabía ninguén é que Antón viaxaba con frecuencia a Madrid onde un laboratorio lle facilitaban probas de ensaios farmacolóxicos en fase experimental que el receitaba como da súa coileita.

Sobre o curandeirismo escribiu acaídas reflexións o doutor García Sabell. Tamén Victor Lis Quiben, falanxista pontevedrés que pasa por ser autor dun libro sobre medicina popular, cando en realidade a autoría do estudo é de Fermín Bouza Brey,



que tivo que cederlle os orixinais para salvar ao seu irmán Luís, encarcerado no penal da illa de San Simón. O médico lugués Jesús Rodríguez López é autor dun estudo ben documentado sobre a medicina popular. Outros moitos antropólogos escribiron cadansúa obra sobre a arte de curar.

Todo isto vén a conto porque o próximo día 24, ás 20:00 horas, participarei na presentación dunha novela titulada “La saga de las curanderas” da profesora Marisa Castro Cerceda, bióloga, con antecedentes familiares nos que houbo tres xeracións de mulleres curandeiras. Mesmo ela puido ser continuadora da saga familiar.

Non é casualidade que Marisa escollese a librería Librouro en Vigo, fundada por Antón Patiño, porque tamén el rescatou a biografía esquecida de Filomena Arias Armesto, “a bruxa de Torbeo”, divulgándoa nos congresos de medicina popular organizadas polo P.Fontes en Vilar de Perdizes, na raia seca con Portugal. A Patiño débese a distribución clandestina o “Sempre en Galiza” de Castelao, editado por Edicións as Burgas de Buenos Aires. Eu mesmo contribuí a vendelo con todas as cautelas que esixía a distribución dunha obra proscrita polo franquismo. Empezou vendéndose a 170 pesetas para logo subir a 220, e un ano despois 270. A maior demanda, maior prezo.

A participación na presentación do libro da profesora Marisa Castro, evocárame un pasado vigués no que houbo moitas e boas librerías na cidade. Pero sobre todo a axuda que algunhas delas nos prestaron para fornecer de material os aparellos clandestinos de impresión da UPG. Como responsable político tiven a obriga de crear unha rede de fornecedores de folios, clichés de tinta para as multicopistas. Un labor que esixía extremar as medidas de clandestinidade que establecimos para evitar erros que

puxesen en perigo aos nosos colaboradores. Lembro a actitude valente de Pepe Vázquez Ulloa, propietario da librería A Esmorga na rúa da Gamboa, quen tiña as caixas debidamente preparadas para facer o trasvase ao automóbil rapidamente por ser un lugar moi transitado; A “Librería Cultural”, no barrio de Coia, rexentada por Fernando, un extraballador da Librería Librouro, librería que como queda dito era de Antón Patiño, quen tamén nos fornecía. Escolliamos as primeiras horas das mañás dos domingos para recoller o cargamento. A Librería Gran Vía, propiedade dun vasco apelidado Eizaguirre, militante do PNV, tamén nos subministraba algunhas ocasións ese material. En Santiago, a Librería Virgondoiro, situada na Praza da Universidade, atendida por Gonzalo Chao, reconvertido décadas despois en célebre actor de series televisivas, formaba parte tamén da rede. Rufo Pérez, secretario do Instituto de Ensino Medio Santa Irene, militante da primeira fornada de upegallos, a través de Méndez Ferrín, tamén participou naquelas colaboracións imprescindibles para manter ben fornecidos os aparellos de propaganda da UPG. Aquela actividade recadadora tiña moitos riscos, pero como moitos outros, asumínos con enteireza. “Viajes Uruguay”, oficina situada na rúa Marqués de Valadares de Vigo, dirixida por Xosé Luís Villaverde Varela, tamén participou na rede clandestina.

A todo eles poderíamos conferirlles o título de meigos.



Ponteareas musical. No pasamento de Roxelio Groba e no 150 aniversario de fundación da Banda Unión de Guláns

Anxo Serafín Porto Ucha

O pasado 31 de decembro deixounos o ponteareán nado en Guláns Roxelio Groba Groba, músico, director e compositor. Non cabe dúbida que Guláns perde un músico de gran altura, o seu curriculum así o confirma. Díciame alguén estes días que, como bo galego, home da terra, con brío e valor soubo destacar, deixar prexuízos e claramente sen andrómenas expoñer as súas dotes, é dicir, tiña talento por natureza e soubo empregalo con naturalidade; alá por onde foi, deixou estela dende moi noviño. Hai uns anos tiveron a honra de que accedera a participar -coa colaboración de Manrique, que entón levaba a Fundación Groba-, dende o ámbito universitario, nun proxecto de investigación sobre “Persoas Excelentes”, do que daremos conta noutra ocasión.

Os comezos de Groba hai que entendelos no contexto do berce da Banda de Música Unión de Guláns, que este ano que comeza celebra o 150 aniversario da súa creación, previsto para 2020, pero que a terríbel pandemia da Covid-19 foi demorando.

Da man do meu bisavó Xosé Carracedo Domínguez, formouse a agrupación arredor de 1870, probablemente a partir dunha

murga ou charanga anterior. Dezanove anos despois, en 1889, xa con coñecementos de solfexo adquiridos dun mestre de Salceda (de onde procedían os Carracedo), tomaba a batuta o seu fillo Constante Carracedo González, que se mantivo á fronte da agrupación máis de 40 anos, ata 1933. Con Constante Carracedo, a banda participou en 1929 na homenaxe a Reveriano Soutullo. Logo sería o sobriño deste, Xosé Carracedo Ucha, o que dirixiu a Banda ata 1947, en que tomaba o relevo Roxelio Groba. O final da guerra civil foi unha explosión dun novo tempo, moi contradictorio, si, pero no que as bandas de música populares -ou as pequenas orquestras- tiveron a súa oportunidade, cun certo sesgo ou influencia da cuestión castrense no musical. E viñeron outros gulanseses para a batuta da Unión, como Miguel Groba Groba, Indalecio Fernández Groba, Xosé Carracedo Pousada, Xosé Fernández Prego e hoxe Alicia Porto Fernández.

En Guláns, entre os ilustres músicos da parroquia, formaron parte daquela época outros gulanseses, coma Benigno Prego Rajo, moi silandeiro el, que acadaría o grao de comandante e profesor de Harmonía e Melodía acompañada no Conservatorio



Antes de saír para A Franqueira o 8 de setembro de 1946. Á esquerda, Roxelio Groba co frautín. En Guláns, a carón da Igrexa. Ilustración do carteiro Agapito do Sancristán.

de Valladolid. Grazas ao labor das Escolas de Música e Conservatorios contamos na actualidade con moitas e moitos máis titulados. Afortunadamente, a perspectiva de xénero e da igualdade de sexos vai tendo presenza nas agrupacións, na dirección e na colectividade musical.

Dende Ponteareas, queremos lembralos a todos e todas hoxe na celebración deste Especial Novas do Eixo Atlántico, con motivo da saída dos primeiros 100 números do xornal, un auténtico logro para as terras do Condado, do que agarimosamente temos que felicitarlos.

Murguía no seu centenario

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel
Director da Cátedra de Memoria
Histórica da UDC

O pasado 2 de febreiro cumpriuse o centenario do pasamento de Manuel M. Murguía. Nado en Arteixo no ano 1833, pasou a súa infancia e primeira mocidade en Compostela, residindo logo en varias cidades, destacando Madrid, Simancas e A Coruña. Cara ao ano 1845 Murguía principiaría os seus estudos de bacharel, na Universidade compostelá, estudos que concluíría especializándose en Filosofía no ano 1850.

En Compostela sería testemuña indirecta dos sucesos de 1846 e frecuentaría o Liceo da Xuventude, impulsado no 1847 por Neira de Mosquera, López Padín e Camino, entre outros galeguistas chave do provincialismo, antesala do rexionalismo (ou protonacionalismo). No Liceo da Xuventude mantería Murguía estreita relación con outros mozos galeguistas como el, caso de Aguirre, Pondal e Rodríguez Seoane; non sabemos se tamén con Rosalía de Castro, coa que tamén coincidiría ao pouco en Madrid, cidade na que Manuel M.

Murguía completaría a súa formación académica, estando matriculado na Licenciatura de Farmacia por vontade do seu pai (de profesión farmacéutico).

Murguía e Rosalía casarían en Madrid o 10 de outubro de 1858, trasladándose a Santiago de Compostela ao ano seguinte. Serían pais de cinco fillas e dous fillos (a última nacida sen vida) entre 1859 e 1877.

Murguía foi o historiador que teorizou Galiza como realidade nacional a partir das súas pesquisas históricas. Sería unha das figuras centrais do Rexurdimento, xunto a Rosalía, Curros Enríquez ou Pondal. Como acontece con todo autor ou autora, cómpre contextualizar a produción de Murguía no seu marco histórico, tendo presente as tendencias propias (e limitacións) do seu tempo. Para alén destas, na produción deste historiador fica patente a procura da rigorosidade metodolóxica e a preocupación polas fontes documentais (afastando o ensaio histórico da creación literaria, habitual naquela altura).

Autor de numerosas obras, como o Diccionario de escritores gallegos (Vigo, 1862), Los Precursores (A Coruña, 1886),



El regionalismo gallego (La Habana, 1889), destacando a edición entre 1865 e 1911 da súa magna Historia de Galicia (Lugo, 1865; Lugo, 1866; A Coruña, 1888; A Coruña, 1891; A Coruña, 1911). Prolífico autor en diversos medios de comunicación, destacou como ideólogo do galeguismo a través dos xornais La Oliva, El Miño e La Patria Gallega, xunto a Alfredo Brañas, alentando a Asociación Rexionalista Galega (1890-1892); dirixindo publicacións como El Diario de La Coruña e La Ilustración Ga-

llega y Asturiana.

Profesionalmente destacou Murguía como arquivista, sendo nomeado Director do Archivo de Simancas (1869), Arquivista-Xefe do Arquivo do Reino de Galiza (1870), así como Cronista Xeral do Reino (1885). No ano 1892 foi destinado á Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, na que estaría até a súa xubilación en 1905. Desde 1906 sería cofundador e primeiro presidente da Real Academia Galega, responsabilidade que exercería até o seu pasamento.

Unha realidade vital que foi estudada con absoluto detalle por X. R. Barreiro Fernández, quen deu lugar á biografía máis completa que se ten publicado sobre a devandita figura (Galaxia, 2012) e que recomendo encarecidamente, xunto a outras obras previas e posteriores doutros autores, nomeadamente R. Máiz (Xerais, 1999), J. Beramendi (Xunta, 2000), J.A. Durán (Taller de Ediciones, 2000), X.R. Barreiro e X.L. Axeitos (F.Barrié, 2003) ou H. Rabuñal (Laiovento, 1999 e 2023).

Atendo con este artigo o chamado do amigo Guillermo Rodríguez, a quen parabeno, así como ao conxunto da equipa que dirixe, polos cen primeiros números de Novas do Eixo Atlántico. Longa vida!

ESPECIAL NÚMERO 100

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Somos cidadanía de segunda?

España es Madrid y Madrid es España”, Díaz Ayuso dixit. A chave territorial do supremacismo castelán, hoxendía convertido no supremacismo dun Madrid que xa papou Castela enteira e vai camiño de papar a península ibérica toda, estrutura a propia fasquía dos valores imperantes nunha política e nunha sociedade, afastándoos dos propios da democracia liberal. Polonia e Hungría, cando non Rusia ou China, non están tan lonxe.

A comezar polos dereitos fundamentais da persoa como é o voto. Son- somos- neste País e no Estado todo millóns os que votan por forzas non estatais. BNG, PNV, Junts, ERC, EH Bildu, CUP e Compromís quitan o 11% dos votos e 38 sobre os 350 deputados no Congreso estatal. E seica todas estas son opcións ilexítimas, que non poden sumar para constituír unha maioría, quer de investidura, quer de lexislatura, quer de goberno. Semella que só 312 das 350 contan para investir,



lexislar e gobernar. Seica as persoas que os votan non teñnd ereito a formar maiorías de goberno.

A seguir pola lingua. Sabido é que vivir en galego é imposible na Galicia, mais tamén vivir en euskera ou catalán noutros lugares do Estado. Semella que todo o que non sexa castelán omnipresente e obrigatorio (o noso sempre é voluntario e subordinado) é de xente revolta ou de mal vivir. Ou, polo menos, de rariños e repunantiños.

Mentres, deféndese dende o Deep State a ilegal infiltración de policías en organizacións sociais e cidadás e a espionaxe Pegasus a respecto de avogados e políticos. Continúa a implacábel aplicación do Dereito penal do Inimigo aos soberanistas cataláns, co Supremo interpretando que existe unha malversación agravada, cando non existiu ese arriquecemento persoal ou a prol de terceiro que o Dereito Internacional e o anovado Código Penal español esixen para esa malversación agravada. Dende o outono de 2018 é continúa a interpretación retorta dos Dereitos Penal e Procesual para perseguir persoas qu con máis ou

menos acerto só fixeron política allea a todo acto de violencia ou intimidación.

Na Galicia, mentres, sufrimos nidas manifestacións de tratamento colonial (hai e houbo colonias europeas, lembren a Irlanda británica do século XIX, arestora independente e primeiro país europeo en crecemento económico).no mantemento de estruturas extractivas como a fábrica de ENCE, a enxurrada eólica ou unha peaxe obligatoria na nosa fulcral vía de conexión intraterritorial do País, a AP-9, cando as cidades castelás e andaluzas están unidas entre si por autovías de balde.

Cando o democrático sería o illamento social e político da extrema dereita de Vox (clara ameaza para os nosos dereitos políticos, culturais e sociais) as grandes media madrileñas, o deep state e as forzas políticas estatais normalizan e branquean á devandita extrema dereita e deslexitiman aos que son diferentes na súa referencia nacional. Como se fosen-fósemos-cidadanía de segunda.



Por Nemesio Barxa

Falar galego

Somos um povo com idioma próprio, derivado do latim como o italiano, o francês o espanhol e outros; cada povo fala o seu mas nos falamos maioritariamente um idioma alheio; temos um idioma que é o terceiro ou quarto mais falado do mundo, no que se exprimem cidadãos de Portugal, Brasil, Angola, Moçambique, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Timor Or. e Goa, com suas particularidades nacionais. Pois nos renunciamos a essa riqueza linguística e adotamos outro idioma forâneo, apesar de nos mesmo ser berço do universal galego-português. E mentras, como nos galgos e podengos, andamos a discutir se seremos um idioma isolado, sem referências claras a um mundo linguístico determinado ou incluído como subsidiário do mundo linguístico do castelhano ou somos origem e parte do mundo linguístico galego-português intitulado na atualidade lusista. Curiosamente o conceito de isolamento vem propiciado



por sucessivos governos de clara dependencia da metrópole, Espanha. Porem não só os governos, pois contam com a impa-

gável colaboração de instituições culturais e escolares do país e incluso vultos da cultura que, ou por escassamente válidos para competir com o resto do mundo literário lusista ou porque topariam com graves dificuldades de edição ou promoção da sua obra, aceitam um galego oficial na órbita do castelhano.

Mentras tanto o uso do galego (isolacionista ou reintegracionista) mingua. Renunciamos a algo noso com total naturalidade; o noso, a língua própria, que nos ofrece multiples posibilidades e, sobre de todo, que é a própria, passa a ser substituída pola forânea. Na União Europeia, que utilizam como língua oficial uma língua que não é de nenhum país da União (o inglês) ainda não substituírem os idiomas nacionais.

Neste devalar da fala surpreende-me que quando era novo, entre os velhos e novos galeguistas resultava impensável que alguém falasse castelhano e agora tenho observado em reuniões mais ideologizadas e com um maior empenho e importância da língua, como podem ser manifestações ou concentrações naciona-

listas, que escoitas, se bem timidamente, já o uso do castelhano e também de um galego rudo e notavelmente deturpado. Não podemos pretender que

sejam os centros de ensino ou cultura os que modifiquem estas atitudes, pois precisamente é a Xunta a que com mais força devalua o galego, mas pode ser uma das medidas a assumir polos partidos e organizações galeguistas a de restaurar e culturizar o uso da língua.

Infelizmente não passaram ainda aqueles tempos nos que nos manifestávamos em galego militantemente; segue a ser um ato de militância e dignidade galeguista e em realidade o que teríamos era normalizar de tal modo o uso de galego que o empregasemos a cotio sem concessões aos que utilizam outro idioma (designadamente o castelhano); se falamos galego que não nos condicione nem a pessoa nem o grupo que fala castelhano.

Quinta do Limoeiro, março do 2.023



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

XLIII Feira do Viño de Amandi en Sober

Luis Fernández Guitián, alcalde de Sober (Lugo), presentou no hórreo romano de Proendos a programación da XLIII Feira do Viño de Amandi, as actividades que forman parte do Mes do Amandi e o cartel anunciador do evento, cuxo autor é o deseñador gráfico Daniel Camino.

Este ano o convidado de honra é o Concello de Quiroga, nunha feira que por vez primeira vai comezar o venres 31 de marzo e estenderse durante o sábado e domingo de Ramos. Para a presente edición están inscritas 23 adegas da subzona de Amandi.

O día 8 ás 18:30 horas no Restaurante Berso terá lugar a Cata de viños monovarietais de variedades autóctonas dirixida por David Pascual, presidente da Asociación Galega de Enólogos. Será necesaria a inscrición previa no Concello de Sober. Organiza: Vinosacra. Desenvolveranse varias actividades relacionadas co 8M, como a colocación do decorado de globos no balcón da Casa Consistorial, a presentación en redes sociais do Proxecto de Igualdade do Concello de Sober para 2023 e unha recompilación tamén nas redes oficiais do Proxecto de 2022 "Inmarcesibles". O 10 ás 17:30 horas haberá unha charla da arquitectura Técnica Lucía Rodríguez nas Merendas

con Contos. As 19:30, presentación no Centro Sociocultural de 'A riqueza arqueolóxica de Sober. Resultados das últimas escavacións en Proendos' a cargo do arqueólogo Francisco Alonso Toucido. O 17 ás 17:30 horas os participantes nas Merendas con Contos visitarán os viñedos de Viticultores do Amandi. Ás 19:30 horas no Centro Sociocultural farase a presentación do libro 'Aproveitamento do mineral de ferro de Freixo' organizado pola Librería da Proencia. O 21 ás 12:00 horas na Escola de Hostalería de Rosende terá lugar o concerto 'A cultura musical do noso viño', música de raíz da Fundación Legar. O 22 ás 12:00 horas no CEIP Plurilingüe Virxe Carme haberá un 'Taller de Iniciación a análise sensorial' organizado por Vinosacra. O 23 de 12:30 a 14:30 horas na Escola de Hostalería de Rosende haberá unha Xornada de Maridaxe: Viño de Amandi con Patata de Galicia. Colaboran: Fundación Belarmino Fernández e IXP Patata de Galicia. O sábado 25 ás 21:00 horas no Pavillón do CEIP Virxe do Carme terá lugar a presentación da nova tempada de Barantes Sport, organizada por Barantes Sport. O 26 ás 19:30 horas no Centro Sociocultural de Sober terá lugar o Recital de Piano a cargo de Laura Ballestrino organizado polas Xuventudes Musicais de Sober. O 28



Presentación do cartel da edición 2023.

de 10:00 a 14:00 horas no Centro Sociocultural de Sober levarase a cabo o '3º Concurso de sumillers' organizado pola Escola de Hostalería de Rosende.

Do 15 de marzo o 15 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados ao concurso de carteis da XLIII Feira do Viño de Amandi. Do 6 ao 14 de marzo a exposición itinerante Inmarcesibles estará no Concello de Bóveda

e do 20 ao 31 de marzo no IES Río Cabe de Monforte. Cun xurado profesional celebrase una precata e cata final dos viños expostos na Feira.

Entréganse tres primeiros premios para viños tintos da anada de 2022, un premio para viños brancos da anada de 2022, un premio para viños rosados da anada 2022 e un premio para viños envellecidos en barrica.



Tfno. 988 68 64 12
Praza do Corredor, 12.
Praza dos Suaves. OURENSE



DEMAMALUIS
Delicatessen

Reparto a domicilio
Terraza
Estamos en Instagram

Viriato, 11
Casco Vello
988 61 61 68
Ourense



OURENSE

O Concello de Ourense organizará esta primavera unha nova edición do Concurso de Pinchos. O alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, reuniuse no salón de plenos do Concello co presidente, Javier Outomuro, e directivos da Unión de Hostaleiros de Ourense, para avanzar nos preparativos do certame, que se desenvolverá do día 21 de abril até o día 1 de maio coa finalidade de “estimular a hostalaría local e darlle un estímulo máis á veciñanza”, explicou o rexedor.

O Concello de Ourense quere revitalizar e darlle un claro impulso ao certame, incorporando relevantes novidades. Explica Pérez Jácome que “a última edición, xestionada polo PP, fora moi deficiente, porque o concurso caera en forza, visibilidade, tamén a degustación e grao de coñecemento. Pasara case desapercibido, e non ocorrerá así nesta ocasión”, aseverou. Xa que logo, avanza que o concurso da primavera de 2023 será “máis ameno, será

Concurso de pinchos en Ourense do 21 de abril ao 1 de maio



máis doado votar, outorgará mellores premios e terá moitísima máis visibilidade e notoriedade entre os cidadáns”.

Poderán participar os locais de hostalaría da cidade que se inscriban a través do correo electrónico concursodepinchosdeourense@gmail.com. Deberán ofrecer pinchos

a un prezo de entre 2,5 e 3,5 euros.

O certame contará con tres primeiros premios outorgados polo xurado profesional, un premio destacado do público, un premio ao mellor pincho celiaco, outro que se concederá por votación a través de app, e un premio ao pincho máis creativo, por

parte do xurado profesional. Os premios serán “moito mellores” ca en anos anteriores, aseguran no Concello.

Outra das novidades é que este ano os locais gañadores deberán seguir ofrecendo os pinchos durante un período dun mes, para facilitar que o público poida degustar as súas creacións. Explica o alcalde que “a diferenza do que se fixo as últimas veces, que era un desastre, xa que unha vez rematado o concurso, a xente quería probar un dos pinchos gañadores e non podía porque non se cociñaban; esta vez vai ser distinto: todos os gañadores terán que seguir ofrecendo o pincho por un mes”.

Como apoio, “desde o Concello premiamos cunha campaña de publicidade para que a xente saiba que pinchos e locais gañaron os premios. Terán o beneficio dunha campaña de publicidade moi forte dos seus establecementos, polo que o incentivo vai ser moi superior, tanto para os locais como para os consumidores”.



SALVATERRA DE MIÑO

Por fin, a PLISAN “despega” con paso firme

A alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, visitou a Plataforma Loxística co seu homólogo das Neves, Xosé Manuel Rodríguez, e o presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Jesús Vázquez Almuíña.

Marta Valcárcel valora a construción do apartadero como “unha noticia moi importante”, xa que “fará posible que moitas empresas máis, que busquen mellorar a súa

competitividade, fixen os seus ollos na Plisan e creen emprego na zona”.

A Plataforma Loxística e Industrial Salvaterra-As Neves cumpriu un “fito clave” coa posta en marcha da mellora da súa conectividade viaria, logo da licitación, por parte da Autoridade Portuaria de Vigo, principal entidade promotora da PLISAN, de un apartadero ferroviario que servirá para

conectar esta bolsa de chan industrial, a máis grande de Galicia, co Porto de Vigo. “Hoxe é un día moi importante para Galicia”, xa que a PLISAN “cada día está máis preto de converterse na gran plataforma multimodal da Eurorrexión”, informou Valcárcel.

Neste contexto, Valcárcel valorou a PLISAN como un complexo multifuncional estratexicamente situado entre os concellos de Sal-



vaterra e As Neves, no eixo vertebrador do desenvolvemento da costa Atlántica da Península Ibérica e que está conectada coa autovía A-52 e co Eixo da liña ferroviaria Ourense-Vigo, e actuará como polo de atracción loxística dos fluxos de mercadorías de alto valor engadido que utilizan o Porto de Vigo como punto de entrada e saída da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal.

Valorización e saneamento do parque forestal Monte Castelo

O Concello de Salvaterra de Miño, o equipo directivo do Obradoiro de Emprego “Salvaterra Emprega II” e a Comunidade de Montes de Pesqueiras reúnen para seguir avanzando no plan de traballo de posta en valor do parque forestal Monte Castelo.

Dentro das diferentes liñas de acción do Obradoiro de emprego e do convenio asinado entre o Concello e a Comunidade de Montes co fin de seguir mellorando o patrimonio municipal e reforzar un recurso turístico moi importante para Salvaterra como é o Monte Castelo, realizouse a primeira reunión de traballo para definir as liñas de actuación nos próximos meses.

Os alumnos e alumnas do Obradoiro realizarán labores de pre-



paración do terreo para a plantación de 100 frondosas autóctonas o día da árbore, a selección de rebrotes de castiñeiro e carballo afectados polos lumes de 2017, iniciaran os traballos de eliminación das árbores invasoras presentes no parque forestal, maioritariamente Acacia negra (Acacia melonoxylon) e Pau espiño (Robinia pseudoacacia).

Realizarán tarefas de clareo e saneamento de Eucaliptos para diminuír o risco de incendios, poda alta das árbores que afectan o tránsito pola estrada, apeo e derribo das árbores mortas, enferma ou con perigo de caída, acondicionamento da contorna da capela e a poda sanitaria do carballo da Capela

Ampliada a zona recreativa da pravia fluvial de Abelán



A parroquia de Fornelos conta cunha zona de espaxamento ao lado do río, que xunto coa praia fluvial do Abelán é unha das zonas con máis afluencia na época estival. Tendo en conta esta situación o Concello de Salvaterra de Miño, coa mediación da Comunidade de Montes de Fornelos, ven de

mercar por máis de 26.000,00€ tres parcelas que suman máis de 4.600m2 co fin de ampliar a zona lúdica e mellorar o aparellamento.

Estes 4.600m2 únense aos 2.500 m2 existentes onde se encontra a zona de merendeiro e a praia fluvial.



Capital histórica do Condado





CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Museo da Ciencia do Viño retoma a súa actividade

O Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea, situado dentro do Castelo de Dona Urraca no municipio de Salvaterra de Miño, retoma a partir desta fin de semana, a súa actividade habitual con novos horarios de atención ó público e maneiras de achegarse ós contidos museísticos.

O Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea aposta de maneira inquebrantable pola excelencia valéndose da historia e da súa tradición. Un museo didáctico, experiencial e interactivo que procura por en valor a marca propia "Condado do Tea" así como promocionar un territorio unido baixo a Denominación de Orixe Rías Baixas.



Os días de apertura ó público serán de xoves a domingo en horario de 11h a 14h e de 17h a 19h. Ampliándose os días visitables cara a tempada de verán coa apertura tamén ós mércores. En

prol da maximización dos recursos tecnolóxicos dos que dispón o museo, as visitas guiadas faranse mediante unha aplicación que o visitante poderá descargar no seu teléfono ou dispositivo móbil.

II edición de "Salvaterra de Miño pola igualdade"

O Concello de Salvaterra de Miño presentou a segunda edición de "Salvaterra de Miño pola igualdade", certame que, ao redor do hashtag #Salvaterrademiñoporlaigualdad, recompilará vídeos na rede social TikTok para concienciar e loitar pola igualdade de xénero.

O municipio adhírese de novo a "Rodando pola igualdade", un proxecto de envergadura nacional impulsado por CortoEspaña. O Concello financia esta actividade con cargo aos créditos recibidos da

Secretaría de Estado de Igualdade no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O certame conta con dous premios: un primeiro premio dotado con 200 euros e un segundo con 100 euros. A data límite para a inscrición é o 20 de marzo incluído e as obras gañadoras daranse a coñecer o 23 de marzo tras o fallo do xurado, que estará formado por membros da sociedade local e personalidades do sector audiovisual.

Ademais o vídeo gañador do

primeiro premio optará aos premios nacionais, que teñen unha dotación total que alcanza os 2.400 euros distribuídos en: 1º premio dotado con 1.000 euros, 2º premio dotado con 500, 3º premio con 400 euros, 4º premio con 300 e 5º premio con 200 euros. Devanditos premios nacionais daranse a coñecer o 30 de marzo e con eles crearase un marco ideal a nivel de toda España para a difusión e a repercusión do evento, así como para a loita pola igualdade de xénero.

CATA VERTICAL
TERRAS DO SUR
2023
26 Marzo 12h
≈ Casa do Conde ≈
Salvaterra de Miño

35€
persoa
Prazas limitadas
Acompañados do grupo

Furanchology
PowerTrio

IMPARTEN
Pepé Canda Adeguero - Viticultor
Abraham Quintas Técnico Elaborador
INCLÚE PETISCOS AO REMATE
Imprescindible reserva no +34 605 019 134

Organiza
TERRAS DO SUR

Colabora
Templum
CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO

Concentración polo 8M na Praza do Concello



O Concello de Salvaterra uniuse á celebración do Día Internacional da Muller este 8 de marzo cunha concentración fronte á Praza do Concello reivindicando o papel que xogan as

mulleres na nosa sociedade pero tamén para visibilizar a súa situación reclamando a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG)
TALLERES

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

REMENDÓN

637 764 865
www.cerrajeroremendon.es

SERVIZO
24h.

BAZAR SANTOS

RECEP: 86005 - TELF: 986 65 81 07
Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA DE MIÑO
marialuisasm@hotmail.es

Punto de recollida de: AMAZON - UPS - GLS - CELERITAS - DHL - NACEX

"Mulleres Extramuros" levará ás Neves a arte contemporánea

O proxecto da Deputación de Pontevedra "Mulleres Extramuros" chegou á Casa da Auga de Vide nas Neves para coñecer a performance de sete artistas galegas, de España e Portugal, Xoana Almar, Nuvi&Éx-fico, Ana Soler, Doa Oa, Carme Nogueira, Lucía Loren e Iva Viana, intercambiando experiencias coas as mulleres do núcleo rural para transformar o espazo e encherán de arte e vida esta contorna.

Na apertura desta segunda edición, amenizada coas intervencións da Asociación Cultural Vídense e do grupo Saia de lá, estiveron presentes a presidenta, Carmela Silva, e o alcalde Xosé Manuel Rodríguez. "Mulleres Extramuros" ten como novidade que



amais do arte mural, tamén transformará Vide con escultura e traballo cerámico. Xunto a Almar, do Grove, estiveron hoxe e participarán Doa Oa (Sober), Nuvi & Éx-fico (Nuria Villa e Alberto Bran-

don, do Rosal e A Guarda), Ana Soler (residente en Vigo), o dúo formado por Carme Nogueira e Javier Fernández Pérez de Lis; Lucía Loren (Madrid) e Iva Viana (Viana do Castelo).

As Neves recupera cinco vivendas en Taboexa con fondos do Estado

O delegado do Goberno en Galicia visitou As Neves que é ún dos concellos seleccionado polo Goberno do Estado, trece en toda Galicia e catro en Pontevedra, para levar a cabo un «proxecto pioneiro» contra o despoboamento, con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

José Miñones, xunto co alcalde, Xosé Manuel Rodríguez, o primeiro tenente de alcalde, Marcelino Couto, a subdelegada do Goberno en Pontevedra, Maica Larriba, e o todo o Goberno local, presentaron o proxecto para rehabilitar e converter as casas de mestres e escolas unitarias de Taboexa nun centro de coliving.



O obxectivo do Concello -como parte da súa iniciativa #ViveNas-Neves- é asentar poboación no rural e dinamizar a economía. Para iso, o proxecto vai intervir en cinco vivendas, actualmente en abandono, para reutilizalas e

que se ocupen por novos habitantes. O proxecto, ademais de permitir o asentamento de poboación, tamén contempla proporcionar espazos para que estas persoas poidan desenvolver actividades económicas e sociais.

Adxudicada auditoría da rede de saneamento de Arbo

O Concello de Arbo adxudicou o contrato de servizo para elaboración da "Auditoría Municipal da Rede de Saneamento para a Detección de Infiltracións do Concello de Arbo", facendo efectiva a lexislación vixente na Lei 7/1985, do 2 de abril que establece a obrigatoriedade de tales servizos.

O sistema de saneamento en Arbo está formado por saneamentos independentes en cada núcleo, os cales están conectados na súa maioría a EDAR, nalgún caso impulsado por ABAR e unha parte do núcleo de Correlo está conectado a unha Fosa Séptica (FS) e na Estación de Sela atópase outra e outra en Ponteca-

baleiros. A maioría dos núcleos habitados dispoñen dunha rede de saneamento e sistema de depuración.

Debido á orografía do terreo, a pendente natural fai que a rede de colectores drene cara á localización das EDAR ou Fosas Sépticas. Esta situación fai que só existan 5 Estacións de Bombeo.

Arbo repartirá 50 trampas contra a Vespa Velutina



Para frear a expansión que desde 2014 se observa en Galicia da vespa asiática, o Concello de Arbo pon a disposición dos veciños de maneira gratuita 50 trampas e 150 botes de cebo, nas mesmas condicións que nos dous últimos anos.

A entrega de trampas veluti-

nas polos Concellos e a súa colocación e control coa colaboración de veciños e veciñas voluntarios e voluntarias, é unha practica moi usada que se esta adoptando nos últimos meses por moitos concellos de Galicia e que esta acadando un bo resultado.

Arbo humanizará o camiño de San Bieito

O Concello de Arbo realizará a ampliación e pavimentación do camiño de San Bieito, tomando en conta a anchura moi reducida dos camiños e o seu consecuente risco para a seguridade viaria.

Cun orzamento base de licitación do contrato ascende á cantidade de 35.881,35 €, as obras consisten nas demolicións, mellora na rede de telecomunicacións e enerxía eléctrica e alumeadado público.

Obradoiros gratuítos en Arbo

O Concello de Arbo ofrecerá durante os vindeiros meses obradoiros polas parroquias do municipio. Os cursos van dirixidos a toda a poboación e son gratuítos con prazas limitadas.

Os obradoiros son de adornos e cadros florais nas Escolas de Cequeleiros; Manualidades no local da Asociación San Antonio da

Estación - Arbo; e Cosmética natural e xabóns no local da Rede Natura da Lomba - Mourentan.

Os obxetivos desta iniciativa é promover a aprendizaxe dun labor, mellorar a motricidade manual, potenciar a creatividade e o entretemento, mellorar a autoestima e fomentar e potenciar as actividades en equipo e as relacións sociais entre os veciños.

Basque Culinary Center visita Arbo

O alumnado do "Máster en Cociña: Técnica, Produto e Creatividade" do Basque Culinary Center (BCC) visitou Arbo para coñecer o Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Museo Arbo", as Pesqueiras e degustou a lamprea cociñada de distintas maneiras, acompañada dos viños das adegas de Arbo.

É a segunda vez que o BCC visita Arbo. Trátase dunha Universidade pioneira a nivel mundial. Son membros do seu Padroado Mondragón Unibertsitatea, sete dos mellores chefs vascos e ten como fin a formación superior, a investigación, innovación e promoción da gastronomía e a alimentación.

BAIXO MIÑO / VAL MIÑOR

Zona Franca e Uruguai estreitan relacións en Baiona

Zona Franca de Vigo e o Consulado Xeral de Uruguai en Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco acordaron cooperar para ampliar acordos comerciais, nunha reunión de traballo entre o delegado do Estado, David Regades, e o cónsul xeral, Ramiro Rodríguez Bausero, na sede do Consorcio en Vigo.

Esta reunión produciuse previa ao II Foro Iberoamericano Uruguai-España, que se celebrou en Baiona coincidindo coa Festa da Arribada e que reuniu a un gran número de representantes do empresariado da comarca viguesa, así como o presidente da Asociación de Cidades Colombinas, Ciprián Rivas. Alí David Regades subliñou que "a provincia de Pontevedra é a terceira de España en



exportacións ao Uruguai, só por detrás de Barcelona e Madrid, con 25 millóns de euros o ano 2022.

O delegado do Estado avanzou que "haberá unha xornada da nosa aceleradora ViaExterior centrada en Uruguai e para analizar as potencialidades deste país para acoller empresas españolas, que permita ampliar os acordos

a través de Zona Franca de Vigo". Pola súa banda, Ramiro Rodríguez Bausero destacou que "Uruguai é unha plataforma cara a América e alí temos 12 zonas francas, coas que se pode realizar un encontro bilateral" sen esquecer os vínculos propios da diáspora ante "os 40.000 galegos residentes en Uruguai".

Inaugurada a Praza do Campo en Burgueira, Oia



Alcaldesa de Oia, Cristina Correa, a deputada Ana María Mejías, inauguraron na parroquia de Burgueira a Praza do Campo, un renovado espazo público polivalente, accesible e respectuoso coa paisaxe e o patrimonio da súa contorna. Os grupos locais Tra-lo Mosteiro e As Carumuxas foron os encargados de amenizar a xornada festiva co seu repertorio de música tradicional.

O proxecto foi levado a cabo pola arquitecta e paisaxista María Fandiño, na que participou a empresa construtora Pérez Portela. As actuacións na Praza do Campo supuxeron un investimento total de 267.867 euros, financiados con cargo ao programa REACPON da Deputación de Pontevedra cunha achega de 241.080 euros, e asumindo o Concello a parte restante, de 26.786 euros.

Oia repartirá 20 novos composteiros

O vindeiro 17 de marzo, o Concello de Oia repartirá 20 novos composteiros individuais aos veciños e veciñas que os tiñan solicitado. Unha vez cubertas as solicitudes existentes aínda quedan algunhas unidades dispoñibles, polo que as persoas interesadas po-

den facer a súa petición a través do rexistro municipal.

Esta partida, procedente dunha achega de Sogama, forma parte do programa de promoción da compostaxe doméstica que está a desenvolver a Administración local, e que consiste na entrega de composteiros in-

dividuais entre a veciñanza. Dentro deste programa municipal, desde o ano 2019 Concello leva entregados un total de 75 composteiros, algúns recibidos a través de Sogama e outros correspondentes ao Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra.

Alegacións contra o parque eólico Torroña I

O Concello de Oia presentará alegacións contra o parque eólico Torroña I, para o que xa contratou a unha empresa especializada, a cal xa está a traballar na análise

da documentación sometida a información pública. O prazo para a presentación de contribucións conclúe o 18 de abril.

O parque eólico Torroña prevé a instalación de 4 aerogeneradores

de 5.700 kW de potencia unitaria en Oia. Por tanto, o Concello convocará proximamente unha reunión informativa cos veciños para abordar este novo caso.

PSdeG-PSOE de Oia aposta por unha mobilidade "sostible e integral"

O PSdeG-PSOE celebrou unha Mesa Sectorial sobre Mobilidade no centro sociocultural de Pedornes, moderado polo secretario xeral local e candidato socialista, Gerardo Rodríguez, contando coa participación dos deputados provinciais Gregorio Agís, responsable de Infraestruturas, e Iria Lamas, responsable de Transición Ecolóxica e Fondos Europeos, e a deputada no Congreso Olga Alonso.

Gerardo Rodríguez aplaudiu o modelo de mobilidade integral

da Deputación de Pontevedra así como puxo en valor o cambio acometido nestes últimos anos en Gondomar, coa humanización de todo o centro urbano, en contraste "co atraso de Oia neste ámbito". Tamén aproveitou para interesarse polo estado do proxecto de transformación da estrada provincial da baixada ao Mosteiro de Oia, que leva 8 anos pendente de que o Concello colabore para a consecución e/ou expropiación dos terreos afectados.

**forjados
hinos. durain s.l.**

www.forjadosduran.com

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas 986 640 834

“A nosa voz, o noso espazo, os nosos dereitos” este 8M en Pontevedra e Vigo

O lema da Deputación de Pontevedra para este 8M impulsará a reivindicación feminista a través das fachadas das sedes provinciais en Pontevedra e Vigo. A presidenta Carmela Silva, o vicepresidente César Mosquera e deputadas e deputados provinciais despregaron a lona co lema desde o balcón da fachada do Pazo Provincial, nun acto que, ao igual que en Vigo, marca o arranque da ampla programación do Día Internacional da Muller.

A programación do 8M comeza ás 11.00 horas, no Pazo Provincial, coa intervención artística denominada “Alguén aquí?”, que protagonizará a mestra, escritora e artista Carmen Quinteiro, acompañada das músicas Su Garrido e Sheila Patricia. Pola tarde, ás 17.00 horas, arrancarán os actos centrais en Vigo, que contarán



cunha performance e a apertura de dúas exposicións na sede da Deputación na rúa Eduardo Chao. A primeira acción, que se desenvolverá na rúa, é obra das artistas Andrea Mosquera e María Roja, e leva por título “2,2 quilómetros de alento”.

A acción rematará na sede da Deputación en Vigo, onde de seguido inauguraranse dúas exposicións. Na sala Rosalía de Castro a

artista Puri Díaz amosará en “A muller da miña vida” fotografías que supoñen “un canto coral da memoria” desde o plano persoal, mentres que na sala Maruja Mallo, abrírase a mostra de fotografía, escultura e instalación “Dar alento” de Ofelia Cardo, con pezas centradas na intersección entre feminismo e ecoloxía, que “entrelazan a histórica opresión sobre a natureza coa que sofren as mulleres”.

Novo plan de investimentos para apuntalar a Axenda 2030

A Deputación de Pontevedra anunciou a posta en marcha do Plan PON 2030, dotado con 34,4 millóns de euros, un novo plan extraordinario para a execución da Axenda 2030 e afianzar a recuperación dos Concellos e da provincia.

Os concellos de menos de 50.000 habitantes serán de novo os principais protagonistas deste programa de dotacións e equipamentos en todo o territorio, con recursos da Deputación por 22 millóns de euros. Tamén inclúe un plan para facer fronte ás inundacións nos Concellos máis afectados, dotado con 2,7 millóns de euros, que xorde ante a inacción da Xunta de Galicia, e contempla igualmente investimentos por 7 millóns na ambiciosa recuperación patrimonial do Convento de Santa Clara en Pontevedra, e outros 2,7 millóns destinados á activación econó-



mica e social da provincia.

Segundo as bases do novo Plan, cada gran actuación será financiable ata un máximo de 1 millón de euros e non poderá supoñer máis do 90% do Plan Concellos que recibe o municipio que o presenta. En canto á tramitación, os concellos poderán presentar o seus proxectos nun prazo de 45 días a contar desde o 7 de marzo.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

8M



A NOSA VOZ, O NOSO ESPAZO O NOSOS DEREITOS

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

AXENDA
2030

#depoPORelas365



TUI

Tui acolle o proxecto "Kaminos: de Sefarad al nuevo mundo"

Tui acolleu a presentación do proxecto "Kaminos: de Sefarad al nuevo mundo", na sala Félix Rodríguez do edificio Francisco Sánchez. Esta presentación foi un foro aberto para contrastar opinións, debater a proposta e comezar a traballar conxuntamente para sacar adiante o proxecto. Tui coma cidade membro da Red de Juderías acolleu este evento organizado en colaboración coa propia Red de Juderías e dos outros dous municipios galegos que forma parte desta asociación coma son Monforte de Lemos e Ribadavia.

No acto de presentación estiveron o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro; o alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Red de Juderías de España, José Tomé Roca; a alcaldesa de Ribadavia, Noelia Rodríguez; a xerente da Red de Juderías de España, Marta Puig; a deputada de Turismo, Ana Laura Iglesias; e o vicepresidente da Cámara de Ponte de Lima, Paulo Jorge da Cunha, entre outras personalidades.

Walter Wascier é un dos promotores deste proxecto, quen é vicepresidente da Cámara de Co-



mercio Hispano-Israelí e ex director para a Península Ibérica de EI-AI. Na presentación desta mañá, Wascier resumía o obxectivo de "Kaminos: de Sefarad al nuevo mundo", que é "unir ambos lados da fronteira entre España e Portugal en torno á expulsión e traxectos emprendidos polo pobo sefardí".

A idea parte de establecer rutas turísticas, tanto en España como en Portugal, baseadas nos traxectos emprendidos polo pobo xudeu tras a súa expulsión de España, no ano 1492. A proposta que pasaría por Tui sería a chamada "Ruta Bet", que partiría dende

Monforte de Lemos, pasando por Ourense, Ribadavia, Tui, Valença, Caminha, Viana do Castelo, Ponte de Lima, Braga, Guimarães, Vila do Conde finalizaría en Porto.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, lembrou que "dende que Tui se adheriu á Rede de Juderías no ano 2019, impulsou proxectos como este que hoxe se presenta na nosa cidade". Pola súa parte o alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Red de Juderías de España, José Tomé Roca, agradecía hoxe "o compromiso de Tui como cidade membro" e destacou o seu desexo de que proxectos como este "saian adiante".

Un 8M con toque 'artístico'

O edificio da praza da Inmaculada foi o escenario onde a xornalista tudense Paula Montes deron lectura ao manifesto con motivo do Día Internacional da Muller no marco da programación "Ocupemos o noso lugar" organizada polo Concello de Tui para conmemorar o 8M.

Previamente houbo un concerto homenaxe a Amy Beach no Conservatorio, no que participaron alumnos e alumnas de diversos cursos do Grao Elemental e Grao Profesional, interpretando obras desta compositora para piano, clarinete, trompa e violín.

Ademais contou coa acción artística "Muller auga" a cargo de

Ana Abad de Larriva e María Move. Esta peza pon en valor a figura da muller reflexionando arredor de diferentes temas: a creación, o traballo, o coidado ou a conciliación. Achegando tamén a súa representación ao longo da historia. Contarase tamén coa participación da cantante e compositora galega, Su Garrido.

"Ocupemos o noso lugar", o lema deste 8M en Tui



Baixo o lema "Ocupemos o noso lugar", o Concello de Tui presentou a programación organizada polo Concello de Tui para conmemorar o 8 de marzo, o Día Internacional das Mulleres. As actividades comezaron o 4 de marzo e prolongaranse até o 2 de abril. Esta programación abrangue representacións teatrais, exposicións, homenaxe ás mulleres pintoras, presentación de libros, un mer-

cado de Mulleres Creativas, ou un taller de crochet, forman parte do programa previsto.

O acto institucional do 8 de marzo será no edificio da praza da Inmaculada onde se dará lectura ao manifesto deste Día Internacional das Mulleres por parte da xornalista tudense de Radio Vigo, Paula Montes. Amais contarase coa acción artística "Muller auga" a cargo de Ana Abad Larriva e María Move.

I Congreso Internacional de Educación Tui-Valença

Tui acollerá este 11 de marzo a segunda xornada do I Congreso Internacional de Educación Tui-Valença centrada nas experiencias, a avaliación competencial e a reconstrución da profesión docente.

Nas conferencias participarán, entre expositores e moderadores, Antonio Sampaio da Nóvoa, experto mundial de Historia da Educación, reitor de honra e profesor da Universidade de Lisboa; o decano da Facultade de Educación de Ourense, Xosé Manuel Cid Fernández; as AE de Monção,

Muralhas do Minho, Vila Nova de Cerveira e Caminha; expertos de investigación da Universidade de Porto; Antonio Bolívar, catedrático de Didáctica da Universidade de Granada; Florencio Luengo, coordinador xeral do Proxecto Atlántida; Luísa Ucha, do gabinete do Ministerio de Educación de Portugal; Juan de Dios Fernández de Atarfe de Granada; Luíza Corteão, da Universidade de Porto; Carmen Pellicer da Fundación Trilema; e Teresa Domínguez, asesora e coordinadora Atlántida en Galicia.

GOLOSO

Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Día n 8 - TUI Tel: 886 135 477
661 53 56 35

facebook.com/golosotui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Especialistas en Dulces Suecos

Reforzo Escolar

MOTIVACION
TÉCNICAS DE ESTUDIO
PREPARACIÓN DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatiempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS

TUI

Avanzan as obras de conexión da autovía Tui-A Guarda coa A-55

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, destacou que as obras de conexión da autovía Tui-A Guarda coa A-55 e o polígono de Areas acadan o 55 % de execución e estarán rematadas a finais do verán, grazas a un investimento da Xunta que se eleva aos 30 M€.

Vázquez Mourelle supervisou nas inmediacións do polígono de Areas os avances na construción da autovía do Baixo Miño, onde subliñou o cumprimento da ruta trazada pola Xunta no desenvolvemento da autovía Tui-A Guarda, comezando polo treito máis estratéxico. Segundo anunciou a conselleira, tendo en conta a alta densidade de tráfico da autovía internacional e as peculiaridades do terreo, estase a construír o treito máis difícil da autovía.



Incidu na importancia funcional da conexión da autovía do Baixo Miño coa A-55 e o polígono de Areas, de 630 metros de lonxitude que conectará directamente, a través dunha vía de alta capacidade, unha das comarcas máis puxantes da provincia de Pontevedra e do sur de Galicia, coa autovía que une Vigo con Portugal.

A titular de Infraestruturas apuntou a contribución desta obra á dinamización do polígono de Areas, un parque empresarial que está completo, con 30 empresas en activo e máis de 7.500 postos de traballo; ademais da mellora notable na conexión da rede de estradas convencionais: a PO-552 e a N-551, coa autovía A-55.

Novas marquesiñas en Pexegueiro, Paramos e Caldelas

O Concello de Tui vén de renovar estes días catro novas marquesiñas en tres parroquias Pexegueiro, Paramos e Caldelas. Esta actuación súmase á realizada o pasado mes de novembro en Rebordáns, Pazos de Reis, Baldráns, Caldelas, Malvas e Paramos.

Deste xeito o goberno municipal, con fondos propios, optou por renovar estes elementos ante o mal estado de conservación que presentaban moitos deles. As novas marquesiñas foron construídas e instaladas por operarios municipais.

Destacados expertos e expertas en Educación danse cita no I Congreso Internacional na Eurocidade Tui-Valença

Destacadas persoas expertas en educación a nivel nacional e internacional participarán no I Congreso Internacional de Educación Tui-Valença que durante dúas xornadas, venres e sábado, se vai celebrar na Eurocidade Tui-Valença.

As reformas educativas, o debate curricular sobre o perfil de saída, a avaliación competencial, serán algún dos temas que se aborden neste Congreso no que hai inscritas máis de 300 persoas tanto de España coma de Portugal, moitas delas docentes, estudantes, membros de ANPA's,... As persoas interesadas poden acudir distintas ponencias e mesas redondas o venres á tarde no auditorio da ESCE en Valença e o sábado, tanto pola mañá coma pola tarde, no Teatro Municipal de Tui, até completar o aforo de cada un dos espazos. A xornada do sábado será retransmitida en directo a través da canle de YouTube do Concello de Tui.

O venres terá lugar a ponencia inicial "As claves internacionais das Reformas educativas no mundo" por parte do catedrático de Didáctica da UNED e exasesor de Educación do Banco Mundial, Juan Manuel Moreno Olmedilla.

Ás 19.15 h ES Mónica Domínguez, directora general de Evaluación y Cooperación Territorial do Ministerio de Educación e FP, e María João Horta, subdirectora geral na Direção-Geral da Educação, no Ministério da Educação de Portugal abordarán "As claves das reformas educativas en España e Portugal".

Por último, ás 20.30 h ES baixo o título "O debate curricular sobre o perfil de saída e outras claves nas Reformas de Portugal e España" terá lugar un panel de expertos.

Xa o sábado a actividade do congreso trasladarase ao Teatro Municipal de Tui centrándose nesta segunda xornada na educación por competencias, a aprendizaxe inclusiva, e o perfil profesional docente.



LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

Os Trens Turísticos de Galicia presentan una nova tempada para esquecerse do coche e gozar da nosa comunidade

Os Trens Turísticos de Galicia son unha proposta desenvolvida por Turismo de Galicia, composta por catorce rutas ao longo de toda a xeografía galega, onde descubrir diversos recunchos do noso país: desde achegarse ao punto máis setentrional da Península Ibérica ou a uns dos cantís dos máis altos da Europa continental, ata descubrir as paisaxes de socalcos da viticultura heroica ou pasear por xardíns de pazos con camelias en flor. Todo isto complementado con outros elementos tan importantes como a gastronomía (visitas a adegas e queixerías e mesmo plantacións de té) e a historia (castros, vilas medievais, mosteiros e castelos).

Todo isto, a través de 14 trens con cadanseu percorrido turístico: Faros, Pazos e Xardíns, Ribeira Sacra Sil, Ribeira Sacra Miño, Valdeorras e Ribeira Sacra, Rías Baixas, O Ribeiro e Rías Baixas, Monterrei, Lamprea, Mosteiros, Ruta dos Queixos, Tren das Mariñas, Camelias en Flor e Experiencia Mega e A Coruña de 1906. Todos eles ofrecerán estas viaxes entre os meses de marzo e outubro de 2023, e se ben cada un ten os seus puntos de orixe definidos, tamén se ofrecen achegamentos gratuítos en autobús ou en tren, que permitirán acceder desde outras localidades.

O prezo das viaxes é de 45 € para os adultos, e de 20 € para os nenos de 3 a 13 anos, se ben hai que en conta que existen tarifas especiais para grupos (10 ou máis adultos) cun 15% de desconto. A reserva e compra de billetes pódese facer nos despachos de billetes de calquera estación de Renfe, na web renfe.es, e en axencias de viaxes concertadas con Renfe. Calquera persoa interesada pode obter máis información no 912 555 912 ou na web renfe.es.



14 rutas



Ruta dos Faros

A Ruta dos Faros levarate ata á Estaca de Bares, o punto máis setentrional da Península Ibérica, e outros lugares senlleiros do litoral norte de Galicia, como son o cabo Ortegal ou os cantís de Vixía Herbeira, dos máis altos de Europa, así como o santuario de Santo André de Teixido. Percorrerás a pé as rúas do centro histórico de Viveiro. Xa de regreso achegaraste aos famosos cantís de Loiba. Natureza en estado puro.



Pazos e Xardíns

Nesta ruta descubrirás tres lugares cheos de historia e que son xoias botánicas recoñecidas internacionalmente como Xardíns de Excelencia. A xornada comezará visitando o Pazo Quinteiro da Cruz e o seu xardín deseñado a finais do s XIX por un paisaxista francés, e no que poderás degustar o seu té de elaboración propia. De seguido achegaraste a Soutomaior e o seu castelo, no que gozarás dun paseo polo parque que o rodea, no que salientan árbores senlleiras e camelias con nome de muller. Tras o xantar trasladaraste a Vilagarcía de Arousa e percorreras o xardín do Pazo de Rubiáns e sorprenderase pola variedade de especies arbóreas ou as máis de oitocentas variedades de camelias.



Ribeira Sacra Sil

Viaxa aos mares interiores de Galicia e mergúllate na maxia, na arte e a paisaxe da Ribeira Sacra. Nesta ruta percorrerás viñedos a bordo do tren motorizado Aba Sacra, saborearás os seus viños na adega Regina Viarum, miradoiro sobre o río Sil. En Monforte de Lemos descubrirás máis sobre a viticultura heroica e despois do xantar embarcarás nun catamarán para percorrer as augas do río Sil, encaixadas nun espectacular canón. Rematarás a xornada visitando o mosteiro de San Pedro de Rocas, un dos máis antigos de Galicia, escavado directamente na montaña.



Ribeira Sacra Miño

Nesta ruta descubrirás outra Ribeira Sacra, menos coñecida, pero igual de abraiante. Pola mañá visitarás o mosteiro das Bernardas, onde poderás adquirir a súa repostaría. De seguido achegaraste ao Ecomuseo de Arxeriz, espazo no que se xuntan etnografía, historia e natureza. Pola tarde gozarás das verdes ladeiras e viñedos que enmarcan o río Miño no denominado "cabo do mundo" a bordo dun catamarán. Finalmente, degustarás os viños da zona na adega Vía Romana, situada nunha casa señorial do século XVI, con espectaculares vistas do val.



Valdeorras e Ribeira Sacra

Con este tren aproximaraste ao territorio das Denominacións de Orixe Ribeira Sacra e Valdeorras. Embarcarás nun catamarán dende o que gozarás do espectacular canón do río Sil. Xa na comarca de Valdeorras degustarás os seus viños na adega A Coroa e achegaraste ata o santuario das Ermidas, xoia do barroco galego, situado nunha contorna natural de grande beleza, no estreito val do río Bibei. Por último, coñecerás Os Peares, localidade a cabalo de 2 provincias e 4 concellos, no que visitarás o seu museo ferroviario.



Rías Baixas

Esta ruta levarate ao corazón da comarca do Salnés, sub-zona da Denominación de Orixe Rías Baixas. Dende o tren poderás gozar da paisaxe da ría de Arousa antes de visitar a adega do Pazo Baión, rodeado de viñedos, e a vila de Cambados, “capital do albariño”, e seu conxunto monumental de Fefiñáns. Pola tarde un paseo en barco pola ría de Vigo permitirate coñecer historias de trovadores, batallas e novelas, desembarcando na fermosa illa de San Simón.



O Ribeiro e Rías Baixas

Esta ruta ten por eixe o río Miño, visitando en primeiro lugar a adega Señorío de Rubiós, onde degustarás os seus viños do Condado, sub-zona da Denominación de Orixe Rías Baixas. A viaxe continuará en Ribadavia, capital do Ribeiro, achegándote ao Museo do Viño de Galicia situado na Reitoral de Santo André de Camporredondo. A continuación retrocederás máis de vinte séculos no tempo no castro de San Cibrao de Las, un dos maiores de Galicia. Finalizarás a xornada visitando a estación de Santa Cruz de Arrabaldo, convertida en museo.



Monterrei

Este tren levarate ao sueste de Galicia, visitando a Denominación de Orixe Monterrei, degustando os seus viños no monumento máis senlleiro da comarca, o castelo de Monterrei e na adega Gargalo, situada ao seu pé. Despois de estar en Verín, co seu centro histórico, poderás gozar dun agradable paseo polas estreitas rúas de Allariz e o seu Festival Internacional de Xardíns, á beira do río Arnoia. Por último, achegaraste á estación de Baños de Molgas, reconvertida en museo e restaurante.



Lamprea

Dende Pontevedra achegaraste ata Salvaterra de Miño, onde visitarás o Museo da Ciencia do Viño situado no castelo. Máis tarde darás un paseo por Tui, o centro histórico e a súa catedral-fortaleza. Pola tarde poderás sorprenderte coas pesqueiras de Arbo, senlleiras construcións centenarias que serven para capturar a lamprea no río Miño. Visitarás o centro de interpretación do viño e a lamprea “Arabo”. Finalmente trasladaraste ata a Cooperativa Condado-Paradanta nas Neves, onde degustarás requexo, mel e viños da Denominación de Orixe Rías Baixas.



Mosteiros

Nesta ruta adentraraste no corazón de Galicia, visitando en primeiro lugar o chamado “Versalles galego”, o Pazo de Oca, onde gozarás dun paseo polos seus espectaculares xardíns. A continuación arte e natureza fundiranse no mosteiro de Carboeiro, situado nun engaiolante recuncho do río Deza. No Carballiño visitarás o seu monumento máis senlleiro, o templo da Vera Cruz. A xornada finalizará achegándote ao mosteiro cisterciense de Oseira coa súa impresionante sala capltular.



Ruta dos Queixos

Nesta ruta percorrerás tres das catro denominacións de orixe dos queixos de Galicia. En primeiro lugar, achegaraste ata Sobrado dos Monxes para coñecer a Casa do Queixo, onde degustarás o queixo de Tetilla e Arzúa-Ulloa. A seguinte parada será a queixería Don Crisanto, en Vilalba co seu queixo San Simón da Costa. Tras xantar (libre) en Lugo, descubrirás o proxecto de ecoagroturismo de Arqueixal, en Albá (Palas de Rei) co queixo Arzúa-Ulloa como produto estrela.



Tren das Mariñas

O tren levaranos dende A Coruña ata Ferrol polas Mariñas e Terras do Mandeo, Reserva da Biosfera. A primeira parada será Betanzos, unha das capitais do antigo Reino de Galicia, da que visitarás o centro histórico. A continuación descubrirás as instalacións de Orballo en Paderne, que conta coa única plantación de té da Europa continental. O tren achegate a Pontedeume, coa súa torre e ponte medieval, símbolos da vila. A xornada rematará en Ferrol, cun paseo en barco pola súa ría, defendida polos castelos da Palma e de San Felipe, e un paseo polo barrio da Madalena, do período da Ilustración.

Camelias en Flor

A camelia é a protagonista nesta ruta. Visitarás tres xardíns que contan coa certificación de Excelencia Internacional. En primeiro lugar, o Pazo Quinteiro da Cruz, un verxel no corazón do Salnés. Nel florecen máis de 5.000 exemplares de camelias de máis de 1.500 variedades, entre elas a sinensis a partir da cal elaboran o seu propio té, que degustarás. A continuación achegaraste ao castelo de Soutomaior no que descubrirás o seu xardín de camelias con nomes de muller: Rosalía de Castro, María Casares ou a Bella Otero. Finalmente, coñecerás o pazo de Rubiáns cuxos xardíns naceron no s. XVII e ao que se foron incorporando magnolios, criptomerias ou araucarias. Conta con máis de 800 variedades de camelias e unha finca de albariño, viño que degustarás ao rematar a visita.



Experiencia Mega e A Coruña de 1906

Neste tren viaxarás ata Á Coruña para coñecela dun xeito diferente. Volverás no tempo ata 1906, da man dun guía moi especial. Nese ano nacíu unha das empresas máis recoñecidas do país: Estrella Galicia. Terás a oportunidade de coñecer o seu museo MEGA e vivir unha experiencia inmersiva nas súas instalacións, rematando a visita cunha degustación de cervexa e produtos galegos. Pola tarde, achegaraste ata Abegondo e descubrirás dous dos elementos básicos para a elaboración da cervexa: a auga do encoro de Cecebre e o lúpulo, cultivo que está en pleno proceso de recuperación e expansión nesta comarca das Mariñas.



Alumnado leva ao Monte Santa Trega o “Espazo Revirando”

Dentro das accións da carreira Revirando realizouse este 3 de marzo unha actividade medioambiental á que asistiron alumnos do Colexio PP Somascos da Guarda acompañados de equipo docente e dos Concelleiros Rafa Álvarez e Montserrat Magallanes, coa colaboración da Comunidade de Montes de Camposancos.

O alumnado do Colexio PP Somascos “fixo feliz ao polbo” imaxe da iniciativa Revirando, xa que levaron a cabo unha plantación no Parque “Pai Baltasar Merino” na zona de Chans do Monte Santa Trega, creando deste xeito o “Espazo Revirando”.



Na actividade plantáronse diferentes especies arbóreas coma carballos, árbores con moita saúde, como a carreira Revirando, da que proximamente anunciaranse

novidades. Tamén se colocou no parque “Pai Baltasar Merino” un fermoso atril de madeira coa imaxe do “polvo Revirando para inmortalizar a visita.

Licitación das obras na rúa Coruña



Na Plataforma de contratación pública do Estado xa se pode consultar o procedemento de licitación das obras de mellora da mobilidade na Rúa Coruña da Guarda, unhas obras que contan cun importe de máis de 300,000 €.

As obras realizaranse ao longo

dun total de 205 m comprendidos entre o enlace coa rúa Ourense e número 15 da rúa Coruña. Estímase que estes traballos prolongarase ao redor de 9 meses, nos cales se prevé o uso compartido de vehículos e obras cando sexa posible e itinerarios alternativos cando non sexa posible.

XIV Gala do Deporte na Guarda

O Centro Cultural da Guarda será o escenario este 10 de marzo da gran festa do deporte guardés coa celebración da XIV edición da Gala do Deporte.

Neste evento recoñeceranse os logros e méritos deportivos acadados durante o pasado ano polos deportistas, os clubs e as entidades deportivas da Guarda, poñendo así en valor o traballo, esforzo e compromiso das numerosas per-



soas que forman parte do ámbito deportivo local.

A gala estará presentada polo

xornalista Terio Carrera, e están convidadas todas as asociacións, clubs e deportistas individuais da Guarda, así como todas aquelas persoas que desexen achegarse e participar na xornada de celebración e xuntanza do deporte guardés. En palabras de Montserrat Magallanes, Concelleira de Deportes, “esta edición será a Gran Festa do Deporte na que se vai a recoñecer o traballo, esforzo e implicación dos clubs, entidades deportivas e deportistas individuais”.

Exposición “Alma” de José Luís Rodríguez Correa

A Casa dos Alonso inaugura este 17 de marzo a primeira exposición individual do artista rosaleiro José Luís Rodríguez Correa. A exposición leva por título “Alma” e nela cadros e estruturas con diferentes técnicas e temáticas serán as protagonistas deste espazo, onde os visitantes colaborarán na súa posta en es-

cena.

O artista foi discípulo da pintora guardesa Alicia Alonso en debuxo e pintura, tamén foi alumno do escultor Picallo en talla de pedra e modelado e, do mesmo xeito, iniciouse en talla de madeira e pátinas con Pablo Eduardo. Asemade foi alumno de Amelia Alfalla en restauración de obras de arte e pátinas.



**Os teus primeiros pasos do
Camino Portugués da Costa en Galicia**

